

anda!na

51

revista galega de pensamento feminista
1/2009 prezo: 5 euros



- 03 Editorial**
- 04 Denuncias e comentarios**
- 08 «Volverán las oscuras golondrinas...»**
Isaura Graña
- 10 A trata de seres humanos**
Comunicación de Andaina ao Foro Social Galego
- 12 Acto de homenaxe de Andaina a Lidia Senra**
- 16 Presentación da revista Andaina na Universidade Carlos III de Madrid**
Anna Amorós i Pons
- 17 Cando todo era posíbel. Desmemoria de Andaina**
Ana Gloria Blanco Orviz
- 20 A presente crise económica desde unha perspectiva de xénero**
María do Carme García-Negro
- [ENTREVISTA] **27 Anna Pruckamayer**
Idoia Elfström
- 35 Malabaristas da vida en tempos de crise**
Zélia García
- 39 Ciberfeminismo: As redeiras da web**
Saleta de Salvador Agra
- 43 Técnicas de mercado de guerrilla ou pasarela Cibeles**
Ana Suárez
- 46 O amor con nome de muller**
Guillermina Domínguez Touriño
- 51 Exeria: Corrector de linguaxe sexista en software libre**
Estrela Villaverde
- 52 Lembranzas**
María, unha vida servindo
Patricia e Angélica Comesaña
- [LIBROS] **54 Fabricado por mulleres**
Dalila Dopazo
- [REVISTAS] **57 Semata: Un punto de encontro para os estudos de xénero**
Isabel Martínez

Revista Galega de Pensamento Feminista
Primeiro cuadrimestre, 2009
Apdo. 1058 Santiago de Compostela
www.andainamulleres.org
andaina@andainamulleres.org

Consello de redacción
Nadia Álvarez Fernández
Ana Arellano
Patricia Arias Chachero
Celia Balboa Guerra
Dalila Dopazo
Zélia García
Laura Gómez Lorenzo
Pilar Pérez Rey
Saleta de Salvador
Nanina Santos
Iria Vázquez
Estrela Villaverde

Colaboran neste número
Isaura Graña
Anna Amorós i Pons
Ana Gloria Blanco Orviz
María do Carme García-Negro
Idoia Elfström
Zélia García
Saleta de Salvador Agra
Ana Suárez
Guillermina Domínguez Touriño
Estrela Villaverde
Patricia e Angélica Comesaña
Dalila Dopazo
Isabel Martínez

Portada: **Momento da instalación de Dinero de Montse Rego na «Zona C»** (a instalación estará ata o 14 de xuño de 2009 na rúa san Domingos de Bonaval, 1 en Santiago de Compostela)

Fotografía da portada: **Uqui Permui**
Deseño gráfico: **Cebra**
Imprime: **Grafisant, S.L.**
D.L.: C-1.146-88

Iniciamos unha nova primavera, a vida transcorre por riba dos nosos afáns, non se enteira da crise, nin dos cambios de gobernos, nin sequera da desesperanza que se acumula nas filas do paro... Ao abrigo desta inquietude cálida que renova a natureza, podemos abrir os armarios das nosas vidas e repasar con calma a historia que levamos acumulada, ver con que nos quedamos e que novidades nos temos que procurar para seguir avanzando... As mulleres que hoxe abrimos as páxinas desta revista chegamos ata aquí coa bagaxe dunha historia, somos herdeiras daquelas sufraxistas que reclamaban o dereito ao voto das mulleres, e tamén das que se manifestaron polo dereito ao divorcio ou a decidir sobre os nosos corpos, pola igualdade salarial, pola equidade no reparto das tarefas domésticas e nos postos de decisión... Ao longo destes anos conseguimos facernos visibles, gañar espazo nas rúas, nos despachos, nas casas... pero sobre todo gañamos espazo no noso interior. Co transcurso de todas estas loitas e discusións feministas nos desprendemos dese bonito vestido de muller doce, submisas, asexuais e abnegadas e tiramos ao lixo os contos de fadas que nos prometían un príncipe azul para reconstruír os nosos sonhos sobre unha realidade, tal vez máis gris e máis dura, pero tamén máis libre e máis ampla.

Hoxe nos reivindicamos como persoas e cidadáns, mesmo antes que como mulleres, con iguais dereitos e deberes que o resto da cidadanía. Nos asumimos como seres sexuais, antes que lesbianas ou hétero, ou trans, coa única fronteira que marca o respecto a quen nos acompañe... Nos recoñecemos como traballadoras con capacidade de xerar riqueza, antes que como reprodutoras e coidadoras. Reixitamos o papel de vítimas pasivas

da violencia machista que nos outorgan os medios para reclamamos parte activa na procura da nosa propia seguridade, física, pero tamén vital..., queremos camiñar tranquilas de noite e de día, na rúa e na casa, no traballo e no lecer. E, por suposto, nos sabemos con igual capacidade para asumir responsabilidades e poder que os homes, a pesar de que hoxe sexan maioritariamente eles os que o detentan.

editorial

Pero no balbordo desta crise que é económica, aínda que tamén de valores, xorden voces que desde os pulpitos, desde a rúa ou desde os medios, intentan poñer coto aos nosos desexos de liberdade, ao espazo que temos gañado e ao que aínda nos falta por ocupar. Voces que cuestionan o noso dereito a decidir sobre a maternidade –dereito ao aborto libre e gratuíto, dicíamos e seguimos dicindo– ou que non protestan con tanta forza ante os despedidos de mulleres coma os dos homes, voces que despois de facer da violencia machista case un *reality show* non comprenden que nos manifestemos contra esa malévola concepción da xustiza que reclama cadea perpetua para os asasinos de mulleres, pero non considera punible o asasinato dun homosexual ou non recoñece que exista violación cando a denunciante é unha prostituta...

Non sabemos o que nos deparará o futuro, seguro que non serán poucos os atrancos con que nos atoparemos, os que veñen de vello e os que xurdan ao paso do noso avance, pero camiñamos coa seguridade que nos dá saber de onde vimos e coa mirada posta no futuro cara a onde queremos ir, un futuro no que as diferenzas de sexo, de raza, de lingua ou de relixión non marquen xerarquías, senón que se recoñezan e valoren como fontes de riqueza...

Sen dúbida é unha utopía, pero hoxe, cando o medo e a desconfianza avanzan como unha onda imprevisible, convén tamén sacar do armario as utopías e confrontalas co camiño que levamos. Sen metas, sen marcas, sen retos, co noso día a día de traballo e reflexión feminista, construímos esta andaina na que sumamos as nosas voces a todas aquelas outras que soñan co renacer desa primavera. ☪



denuncias e comentarios



Johanna Sigurdardottir, ex-azafata, 66 anos, casada con outra muller desde 2002, é dicir, abertamente lesbiana, é desde o mes de febreiro primeira ministra de Islandia (capital Reykjavik).

Durante oito anos foi ministra de Asuntos Sociais e, após a dimisión de Geir Haarde a finais de xaneiro, xefa de Goberno.

É a primeira xefa de Goberno abertamente homosexual. 🗨️

Entroido de Huelva, 1963

Un grupo de oito mozos saen disfrazados de xitanas, de Carmen Miranda... celebrar o domingo de Entroido, logo de estar de festa na casa dun deles. Unha parella da policía armada detívooos pola denuncia dun veciño e do cura da barriada de Las Colonias. Puxéronos en coiros e metéronos no calabozo. «Cogidos en la vía pública no con el atuendo propio del sexo masculino», aplicándolles a Ley de Vagos y Maleantes.

Alguéns non queren nin lembralo sequera.

Juan Rodríguez Sampedro, daquela con 19 anos, foi condenado a seis meses de cadea –dous meses no cárcere de Huelva e catro por diversos penais até rematar en Valencia– e un ano de desterro sen poder pisar Huelva.

O cárcere de Huelva nos anos sesenta recibe de xeito bastante organizado presos pola súa orientación sexual e nos setenta especialízase nisto.

Nunha visita ao cárcere (o centro pechou en 1997), ao ver o número da cela botou a chorar lembrando aquel Entroido que marcou a súa vida.

O artigo 4 da Lei de Memoria Histórica (Declaración de reparación e recoñecemento persoal) pode darlle unha indemnización e está ben que o faga, aínda que sexa tardísimo porén. 🗨️

Os españois + ricos

Sabedes quen son os españois máis ricos segundo a listaxe deste ano da revista *Forbes*?

- 1º Amancio Ortega (posto 10 dos máis ricos do mundo)
- 2ª Rosalía Mera (posto 246)
- 3º Isak Andic (posto 296)
- 4ª Alicia Koplowitz (posto 318)
- 5º Manuel Jove (posto 376)
- 6º Florentino Pérez (posto 397)
- 7ª Esther Koplowitz (posto 430)



Rosalía Mera

Alicia Koplowitz

Esther Koplowitz

Unha presenza ben sobranceira das señoras, se cadra, se cadra listas cremalleira.


Para que non veñan as feministas dicindo que as mulleres non están onde hai poder e cartos! 🗨️

Un invento útil

Si señora, un invento útil, simpático, colorista, práctico e que participa deses tres R tan de moda: reciclar, reducir, re-usar. E ideado por unha muller.

Xa sabedes, non é preciso ir a Lidl, IKEA, Leroy Merlin ou outros centros comerciais que enchen as superficies urbanas. É cousa de enxeñar e ser quen de ver os moitos usos das cousas. 🗨️

(Foto: MádeP)



denuncias e comentarios

Unha familia de orixe portuguesa asentada en Milagro (Navarra) tiña un negocio de *contratación* de man de obra (22 compatriotas) aos que mantiñan en réxime de escravitude.

Contratáronos en Portugal para ir á vendima coa promesa de cobrar 50 €/ día, descontando dos mesmos 10 € por gastos de manutención e aloxamento, en semanas de luns a sábado e xornadas de 10 horas. Un conseguiu fuxir. O seu relato: os agricultores pagábanlles en cheque a razón de 80 €/ día e cotizaban por eles na Seguridade Social. O clan arrebatáballes os talóns e cobrábanos nos seus nomes. Polas noites e os domingos fechábanos na vivenda e só se lles permitía ir para a rúa so a atenta mirada dun membro do clan. Coaccións, ameazas e mesmo algunha agresión física. Os cartos totais que cobraron por catro meses de traballo ascenderon a 380 € (un euro e medio/ día contando domingos).

A agricultura é un dos sectores nos que prácticas semellantes á escravitude ou servidume con fins de explotación laboral teñen presenza. [6]

Mulleres bispos

O Sínodo da Igrexa Anglicana aprobou na primeira semana de febreiro (68,8% dos votos) unhas medidas que abren a porta á reforma do Canon Anglicano, de xeito que as mulleres poidan ser bispos. Marca o comezo dunha nova fase. O grupo Mulleres na Igrexa (Watch) leva promovendo esta e outras reformas. Desde 1992 permite á muller ser sacerdote e xa se ordenaron máis de 2000. Daquelas, uns cincocentos clérigos marcharon para a Igrexa católica, que non ten que soportar semellantes veleidades. Eles non estaban dispostos a aceptar a autoridade feminina. Non parece que agora vaia haber tantas desercións, aínda que Christina Rees do grupo Watch di que un 15% do clero oponse ao bispado feminino de xeito taxativo; en destaca os evanxélicos tradicionais que citan a San Paulo nunha carta a Timoteo: «Non permito á muller ensinar, nin exercer dominio sobre o home, só debe estar en silencio».

Aí... aí é, xusto, onde se encontran coa Igrexa católica. O xefe desta igrexa estima que é moi relevante que Deus sexa varón, que se teña encarnado en ser humano varón e que isto é o que marca a liña. [6]



A Barbie

Esa boneca que serviu de *modelo* a xeracións de mulleres, naceu un 9 de marzo de 1959.

50 velas soprou este 2009 a creación de Mattel –o maior fabricante de xoguetes do mundo–, aínda que a idea, a invención da boneca, foi de Ruth Handler casada con Elliot H., co-fundador de Mattel.

A Barbie coñeceu unha chea de *profesións*, ate 108!, candidata presidencial incluída (en ningún caso banqueira, compositora, prostituta, mariñeira de altura ou pobre de solemnidade).

Por suposto que lle saíu un noivo (o famoso [?] Ken entre 1961-2005) e tamén tivemos a oportunidade de coñecer a Barbie-nai.

Até chegou as capas de Andaina e ás camisetas de Milenta.

Esa icona calada de sexismo á que os tempos tamén zarandearon.

Algunhas que se consideran de culto andan polos 2699 \$ e máis! [6]

Grisélidis Réal, xa está no cemiterio dos reis, como quería, entre afamados e famosos, á beira de Calvino, por exemplo.

Grisélidis, prostituta, escritora, activista a prol dos dereitos das traballadoras do sexo, protagonista do filme *Muerte de una puta* de Harmonia Carmona (2006), conseguíuno.

Denunciou a hipocrísia dunha sociedade que condena ás putas mentres usa os seus servizos. [6]



denuncias e comentarios



Soraya Sáez de Santamaría nunha entrevista na revista *Elle*, di que ela é «forte, moi forte... A min non me ve chorar nin o meu marido». Sorpréndeme, e moito, que nestas alturas alguén identifique fortaleza con que ninguén o/a vexa chorar. Esa idea tradicional que identifica virilidade = fortaleza = *os homes non choran*. E agora que as mulleres vanse incorporando a tarefas antes masculinas deben comportarse como aqueles homes que son fortes, non expresan sentimentos e non choran, que se o fan son uns *nenazas*?? Que peniña, Soraya, non poder chorar para ser forte! 🗨️

For Lisbeth Salander!

Ese personaxe fabuloso da triloxía *Millenium* de Stieg Larsson. Esa moza que soñaba cun mixto e un bidón de gasolina (será preciso recorrer a Freud para explicar este soño?). Se cadra esta tradución tráena a conto pola canción que Lisbeth Salander escoita na radio do seu Toyota Corolla cando disfrazada de Irene Nesser corre cara Gotemburgo: *Putting out fire with gasoline* de David Bowie que ela non coñece, porén parécenlle proféticas as palabras da canción.



Lisbeth Salander non é NADA politicamente correcta, NADA de vítima desa sociedade sueca á que o seu creador pertence e que retrata, sen dúbida. Activa, capaz, decidida a poñerse sobre os seus pés e resolver os asuntos que lle concirnen, mesmo tomándose a xustiza pola man. Unha co-protagonista física e psicoloxicamente singular. Entre Pipi Calzaslargas e Lara Croft, da que os servizos sociais suecos contan e informan unhas cousas que en nada casan coa descrición doutras persoas para as que Lisbeth Salander realiza algúns traballos certamente especializados. Trama de novela negra, cunha acción sempre ascendente, intensa, inesperada, tecendo á par un tapiz nada amable da sociedade sueca e até demoledora do poder corrupto. O atractivo deste personaxe talvez resida en que nos afasta desa imaxe feminina de dependencia, da falta de valor e poder, de debilidade e falta de enxeño. Ten a capacidade, ademais, de vingarnos simbolicamente dos agravios e oprobios padecidos polo segundo sexo. 🗨️




Stieg Larsson (1954-2004). Xornalista comprometido, experto na extrema dereita e as súas conexións coa gran industria sueca.

O fenómeno editorial de *Millenium* é asombroso. Unha triloxía publicada en España por Destino con seguintes títulos *Los hombres que no amaban a las mujeres* (literal: homes que odian a mulleres); *La chica que soñaba con una cerilla y un bidón de gasolina* (literal: La chica que jugaba con fogo) e o terceiro tomo está en preparación, a punto de saír co título *La reina en el palacio de las corrientes de aire*. 🗨️

VOTA TESTOSTERONA

Durante a campaña electoral estivo nas marquesiñas de Santiago un cartel moi rechamante que proclamaba «VOTA TESTOSTERONA». Tratábase do anuncio dunha obra de teatro creada por Patricia de Lorenzo, Natalia Outeiro e Xesús Ron, que puídemos ver eses días na Sala Nasa.

Dita obra é a continuación dun proxecto do grupo Chévere, que comezou en xullo do 2008 cuns obradoiros parateatrais dirixidos a mulleres, chamados «Ser home por un día».

En *Vota testosterona*, dunha maneira orixinal e divertida, na que se mestura o teatro, a actuación musical en directo, a *performance*, o transformismo, a proxección de vídeos... as súas protagonistas fixéronnos reflexionar e visualizar a artificialidade da división en sexos da sociedade e a súa maleabilidade e posíbel transformación. 




O veredicto do xurado no caso do crime da rúa Oporto de Vigo

deu lugar nas últimas semanas a numerosos comentarios nos medios de comunicación sobre a maldade da institución e a incapacidade do cidadán para o axuizamento dos seus iguais (do cidadán galego, cómpre entender, dado que os cidadáns doutros moitos países da nosa contorna, nos que o axuizamento a través do xurado ten longa tradición histórica, non semellan ter tales *eivas*).

O xurado aparece configurado na Lei Orgánica 5/1995 con dúas características básicas: a de ser un instrumento para a participación dos/as cidadáns/ás na Administración de Xustiza (como indica o art. 125 da Constitución) e a de servir como unha «escola de cidadanía» (de fomento da responsabilidade social e participación de cada membro da comunidade na sociedade á que pertence). Resulta clara, pois, a fondura democrática da institución.

Tamén é evidente que o número taxado de delitos axuizados a través desta vía (art. 1 da LOTX), a súa escasa complexidade técnico-xurídica e a función que realizan os membros do xurado (declarar a existencia ou inexistencia de determinados feitos, a culpabilidade ou non do denunciado e as razóns que conducen a tal convicción) son cuestións accesíbeis a calquera cidadán/á de intelixencia media.

Por outra banda, a resolución pronunciada atendendo á decisión do xurado pode ser obxecto de recurso (igual que calquera outro tipo de resolución xudicial) o que implica a existencia de mecanismos de corrección dos posíbeis erros dentro do propio sistema. En todo caso, tampouco os *erros* do xurado son tantos como se cacarexa dende diferentes sectores. De feito, dos 24 xuízos que se celebraron con este sistema no ano 2008, só se produciu unha anulación e unha revogación (parcial) da sentenza ditada inicialmente.

Máis ben semella que nos atopamos ante un chanzo máis da deriva dos medios cara a demagogia, o *amarelismo periodístico* e o fomento da manifestación irreflexiva de opinións sobre cuestións de política legislativa por parte de quen nada sabe nin, ás veces, lle interesa ou compensa saber. 



«Volverán las OSCURAS golondrinas...»

ISAURA GRAÑA

Póño-me a facer unha nota sobre as eleccións galegas do 1 de marzo, o novo goberno, o novo parlamento e non sei por que me acorda este verso de Bécquer.

Volverán? Escuras? Andoriñas?

O subconsciente é particular e as asociacións de ideas non sempre teñen explicacións.

Non volverán. Volveron por maioría absoluta e teremos outra vez –case nunca deixamos de ter aquí neste lindo país– goberno do Partido Popular.

Podo expresar a rabia dun país que non me gusta, porque na miña opinión carece maioritariamente de sentido cí-

vico e cidadán. As leis importan un can e o que ten interese é que ti fagas o que queiras. *Eu, no meu, fago o que me peta.* A convivencia non parece esixirnos a cada un o cumprimento das leis (administracións incluídas) e a razoable regra de ouro: *Non fagas a outros o que para ti non desexas.*

Podo expresar a rabia dun goberno –o bipartito– que espertou soños e expectativas en sectores nada desprezables e que non soubo, non quixo, non foi quen de satisfacelos e si de defraudarnos,

empoleirados no goberno créndose quen sabe qué e distanciados do común, confundíndose a eles coa realidade.

A rabia deses sectores críticos de esquerda prestos a castigar co seu miserable voto a quen amosou inexperiencia, sectarismo, actitudes chulas e prepotentes, sen medir ben as súas tripas e alén as súas tripas. (Daralles igual que governe Bush que Obama?)

Dá o mesmo. A rabia. Iso é o que teño. Rabia, consternación e riso. Tamén riso para exorcizar este sabor acre e acibarado do país que somos e do pouco que damos cambiado, malia as mensaxes, as grandes palabras, a...

Volverá instalarse **con valor de exemplo** desde a Administración esa idea de que as leis se poden saltar por riba se se me acomoda: ti fai un galpón, ti non cumpras a sentenza de derrubamento, ti move a extrema do monte, ti non contestes a un escrito en debida forma, ti non escoites a cidadanía, ti acosa á *xente molesta* que che toca no traballo, un *chiringuito* na praia

é moi agradable, a ti que che importa o que..., dálle aos eucaliptos en monocultivo e polo demais mentiras, goberno sen especiais prácticas democráticas e con redes clientelares que estiveron, mesmo durante o bipartito, perfectamente engraxadas e aceitadas. Ademais mete a man no saco do público e favorece a parentes, amigos e outros fieis que mesmo tendo deberes profesionais que cumprir, prefiren comportarse como estómagos agradecidos e louvar a berenxena se *ao patrón* lle gusta e a eles non.

E así. Outra vez, este PP renovado, xa en pouco parecido ao de Manuel Fraga,¹ apoiando este bilingüismo Marshall (que simpáticos e que exemplo para as accións reivindicativas, sociais e políticas os «ridiculistas!»), aos intelectuais do Opus que teiman en chamar persoa ao feto humano, a unha Igrexa –a de Rouco Varela– afastada de toda espiritualidade e apegada ao ouro, as riquezas, ao poder e a vangloria, sen contar esa cara de caghapouquiño representando ao seu deus

castigador e severo co que fustrigan e ameazan a fieis e infieis.

Pesimista. Non polo PP, que seguirá traballando as súas redes, os seus apoios, senón por iso que podemos chamar esquerda, denotadamente os seus dirixentes –malos dirixentes– que á mínima de cambio abandonaron o seu principal capital, o HUMANO, incapaces de reflexionar sobre o seu purísimo **sectarismo**. Marca e carimbo que vén de lonxe e que ninguén está disposto a pulir e nada digamos a abandonar. Nin individual nin colectivamente. Non vaia ser que o do lado (mesmo dentro das propias filas) saque un pouco máis a cabeza, créndose que serán famosos, terán incenso e irán á morte coroados de loureiro. E que *a* verdade téñena eles. Eles son o dispensador da verdade.

Este país de minifundio e de miseria moral! Falto de xenerosidade **en todo** (sempre hai algunha excepción): nas actividades artísticas, sociais, culturais, deportivas, laborais, económicas, políticas, escolares, científicas.

É o país que somos.

Ás veces somos capaces de outras cousas (lebrades o *Prestige*?), porén sempre ten que aparecer alguén a ver se parasita as cousas maravillosas que somos capaces de expresar e facer lembrándonos de novo que non podemos máis que volver ao rego. ☞

¹ Manuel Fraga Iribarne, quen aínda ten que pedir perdón polos 5 asasinatos e 150 feridos de bala en Vitoria en marzo de 1976, sendo vicepresidente do Goberno e ministro da Gobernación do goberno presidido por Arias Navarro.

A trata de seres humanos

Comunicación de Andaina ao Foro Social Galego

celebrado do 5 ao 7 de decembro de 2008 en Compostela

Andaina presentou ao Foro Social Galego, do 5 ao 7 de decembro de 2008 sobre a TRATA DE SERES HUMANOS. A TRATA DE SERES HUMANOS (TSH) con fins de explotación laboral (na industria do sexo, na agricultura, pesca, téxtil, minas, servizo doméstico, mendicidade, restaurantes), tráfico de órganos, matrimonios servís, noivas-escravas, nen@s soldado en situacións de escravitude ou prácticas semellantes á escravitude ou servidume é unha violación dos dereitos humanos.

É un negocio lucrativo para as redes criminais que se benefician do traballo e os servizos forzados que ocupa o terceiro posto atrás dos negocios das redes.



A Trata de Seres Humanos (TSH) con fins de explotación laboral (na industria do sexo, agricultura, pesca, construción, talleres téxtiles, minas, servizo doméstico, mendicidade, restaurantes...), tráfico de órganos, matrimonios servís, novias-escrava, adopción, nen@s soldado, en situacións de escravitude ou prácticas semellantes á escravitude, servidume **é unha violación dos Dereitos Humanos**.

A Trata de Seres Humanos é un negocio lucrativo para as redes criminais que se benefician do traballo e os servizos impostos e forzados situándoa no terceiro posto atrás dos negocios de drogas e armas.

A Trata de Seres Humanos retén a milleiros de persoas en contra da súa vontade, mulleres adultas e nenas en número moi sinalado, coa violencia intrínseca que tal situación carrega.

A Trata de Seres Humanos e o Tráfico de Seres Humanos non son a mesma cousa. O tráfico refírese ao paso irregular de fronteiras transnacionais para o

CONVENIO 197 DO CONSELLO DE EUROPA

Artigo 4

- a) A expresión TRATA DE SERES HUMANOS designa a contratación, o transporte, o traslado, o aloxamento ou a acollida de persoas mediante ameazas de recorrer á forza, recurso á forza ou calquera outra forma de obriga, mediante rapto, fraude, engano, abuso de autoridade ou dunha situación de vulnerabilidade ou mediante a oferta ou a aceptación de pagos ou vantaxes para obter o consentimento dunha persoa que teña autoridade sobre outra con fins de explotación. A explotación incluírá, como mínimo, a explotación da prostitución allea ou ben outras formas de explotación sexual. O traballo ou os servizos forzados, a escravitude ou prácticas similares á escravitude, a servidume ou a extracción de órganos.
- b) O consentimento dunha vítima da *trata de seres humanos* [...] considerárase irrelevante cando se utilice un calquera dos medios enunciados no parágrafo.
- c) A contratación, o transporte, o traslado ou a acollida dun neno con fins de explotación terán a consideración de *trata de seres humanos* aínda que non apelen a ningún dos medios enunciados no parágrafo a).
- d) O termo *nen* designa a toda persoa menor de dezoito anos de idade.
- e) O termo *vítima* designa a toda persoa física sometida á trata de seres humanos tal e como se define no presente artigo.



que moitos seres humanos teñen que recorrer a redes de traficantes para conseguir alcanzar o país ao que queren chegar aspirando a mellorar a súa vida e a das súas familias. Non todas as redes que axudan a pasar fronteiras son mafias.

Na denuncia das situacións de trata é moi relevante o uso acaído da linguaxe non confundindo situacións de abusos nos que seres humanos se encontran a milleiros coa TRATA. Fraco favor faremos as vítimas de TRATA se as confundimos con persoas que usan redes de tráfico para chegar aquí, exer-

cen a prostitución, ou persoas que padecen abusos na súa vida laboral, familiar, etc. Neste sentido parécenos que está ben a definición que de Trata de Seres Humanos fai o Convenio 197 e podemos facelo noso.

Na prevención e combate da trata e a protección das persoas vítimas e os seus dereitos cremos que o Estado español debería ratificar xa o Convenio 197 do Consello de Europa –Convenio de Varsovia– de loita contra a Trata de Seres Humanos que entrou en vigor en xaneiro de 2008 e que o Go-

verno español asinou o 9 de xullo de 2008 e, en consonancia con esta sinatura e ratificación que pedimos, unifique a linguaxe e os principios de non-discriminación entre homes e mulleres que o Convenio 197 establece nas leis, plans e normativas que elabore sobre a cuestión da Trata de Seres Humanos, en particular no Plan Nacional de Trata de Seres Humanos co fin de Explotación Sexual. Na protección das vítimas de trata –igual que con calquera outra vítima– é de todo punto inadmisíbel que se esixa contrapartida algunha. 6



Acto de homenaxe
de Andaina a

Lidia Senra

A revista ANDAINA celebrou o pasado día 28 de marzo un encontro-charla-cea de agasallo, recoñecemento e cariño a LIDIA SENRA polo seu traballo ao longo dos anos de loita polos dereitos das mulleres labregas, a defensa da terra e da soberanía alimentaria, así co-

mo o seu liderado exemplar á fronte do Sindicato Labrego Galego (SLG), como dirixente do mesmo e para amosar o apoio á continuidade do seu labor.

Lidia foi convidada por Andaina para dar unha charla sobre soberanía alimentaria nos locais da asociación A



Lidia foi convidada por Andaina para dar unha charla sobre soberanía alimentaria nos locais da asociación A Gentalha do Pichel...

Fotografía da páx. esquerda: No VII Congreso do Sindicato Labrego Galego, a nova secretaria xeral, Carme Freire, entrégalle a Lidia un agasallo co cariño e recoñecemento da afiliación

Fotografía da páx. dereita: Zélia García na mesa con Lidia Senra durante a charla de soberanía alimentaria

Gentalha do Pichel e compartir unha cea con produtos traballados, cultivados e cociñados polas mulleres de AMORODO.

Amorodo é o nome dun proxecto que pariu o Sindicato Labrego Galego (SLG) para a comarca compostelá, co obxectivo de valorizar as pequenas explotacións, os alimentos sans e a relación directa labregas/os consumidores/es.

Apostan por apoiar os produtos frescos, respectar os ciclos naturais e o consumo de produtos estacionais non tra-

tados con pesticidas e abonos químicos e a procura dun prezo xusto para labregas e labregos que pague o valor real dos produtos logrados co seu traballo (<http://www.proxectoamorodo.org>).

Na sobremesa, un breve comunicado descubriu para Lidia o carácter de homenaxe do acto lembrando a súa traxectoria, a súa combatividade, resistencia, coherencia e proximidade. A continuación proxectouse un vídeo feito para a ocasión que podedes ver na páxina web de Andaina e na de Gz vídeos.



Celia Balboa no momento da súa intervención en nome de Andaina



Lidia Senra, Pencha Santasmarinas e Ana Luis Bouza, nos previos a cea

**Neste últimos vinte anos o SLG
logrou consolidarse como a primeira
forza sindical agraria, desprendéndose
de tutelas e gañando autonomía
e independencia**



Acto de homenaxe e loita contra a cota empresarial a comezos dos noventa

Na sobremesa, un breve comunicado descubriu para Lidia o carácter de homenaxe do acto lembrando a súa traxectoria, a súa combatividade, resistencia, coherencia e proximidade. A continuación proxectouse un vídeo feito para a ocasión que se poderá ver en breve na páxina web de Andaina e do SLG.

Intervención de Celia Balboa en nome de Andaina

Os anos setenta eran anos de entusiasmo, todo estaba por conseguir e os discursos aínda se axustaban a golpes de realidade. Eran os anos en que una muller moi nova percorría as parroquias de Monforte para animar ás labregas e labregos a non pagaren a cota empresarial. Lidia Senra, labrega, estaba afiliada ao Sindicato Labrego Galego dende 1976. En 1989 accedeu ao cargo de secretaria xeral dese sindicato. Até esa data o Sindicato Labrego resistía timidamente como pouco máis que unhas siglas vencelladas ao mundo nacionalista.

Neste últimos vinte anos o SLG logrou consolidarse como a primeira forza sindical agraria, desprendéndose de tutelas e gañando autonomía e independencia. Creou discursos económicos e políticos innovadores que nos anos oitenta supuxeron a única voz sindical denunciando unha reconversión agraria brutal e silenciosa. Pero tamén foron discursos que non esqueceron a necesidade de incorporar os pensamentos feministas, fomentando a organización e participación das mulleres labregas; discursos que non deixaron de anticiparse na reflexión sobre a necesidade de crear vínculos internacionais integrándose na Coordinadora Labrega Eu-



Lidia con Tareixa Navaza durante a entrevista que se publicou en *Andaina*, núm. 6 da segunda época (1993)

ropea e no Movemento Vía Campesina, que agrupa máis de 40 millóns de persoas afiliadas. Agora o SLG volve tomar a iniciativa apostando polo control da produción gandeira e pola agro-ecoloxía, denunciando outra forma de imperialismo económico e reivindicando a soberanía alimentaria dos pobos, a seguridade alimentaria.

Sobre todo, eu, de Lidia resaltaría unha traxectoria de rebeldía e honestidade, rebeldía por non silenciar nunca a denuncia necesaria ante ningún oportunismo político, ante o neoliberalismo atroz que nos abafa, ante a ofensiva dos sectores máis conservadores da nosa sociedade, ante a *zancalilla* sectaria con-

tra as persoas e organizacións que resisten. A honestidade de non esquecer as necesidades das persoas que conforman o medio rural, das pequenas explotacións, das mulleres do agro.

No ano 2007 Lidia deixou de ser secretaria xeral do SLG e podemos comprobar como axudou a construír un proxecto esperanzador que se enriquece das dúbidas e dos discursos que incorpora. Estamos seguras de que Carme Freire está a continuar coas súas propias iniciativas esta traxectoria.

É xusto recoñecer a dureza da loita das mulleres labregas e das dirixentes do sindicato, que merecen o noso apoio, o noso aplauso e o noso cariño. ☞

Presentación da Revista Andaina na Universidade Carlos III de Madrid

ANNA AMORÓS I PONS*

O pasado decembro, a revista *Andaina* foi presentada académicamente na Universidade Carlos III de Madrid, dentro dos relatorios do «I Congreso Mujer y Periodismo. En homenaje a Josefina Carabias». Baixo o título «Prensa feminista: 25 anos da revista Andaina» fixose un percorrido da publicación na súa longa traxectoria no eido editorial galego. A conferencia centrouse en catro ámbitos de análise: no primeiro fixose unha aproximación ao(s) contexto(s) da súa orixe; no segundo, un estudo das diferentes etapas da súa evolución; no terceiro, unha reflexión dos seus contidos temáticos e os cambios sociais, políticos e culturais acontecidos na sociedade galega e española; e, finalmente, unha análise do deseño gráfico, onde diversos estilos brotan das súas portadas como unha fonte inesgotable de creatividade.

O congreso foi dirixido pola catedrática de xornalismo Pilar Diezhandino e a profesora titular Teresa Sandoval e coordinado por Clara Sainz de

Baranda e estivo organizado polo grupo de investigación PASEET (Periodismo y Análisis Social: Evolución, Efectos y Tendencias), conxuntamente co Departamento de Xornalismo e Comunicación Audiovisual da UC3M. Nel rendiuselle homenaxe, no centenario do seu nacemento, á figura da xornalista republicana e socialista Josefina Carabias (1908-1980). Esta muller é considerada a persursora do xornalismo feminino español. Profesional do xornalismo escrito e radiofónico e, ademais, escritora. Durante a segunda República foi cronista parlamentaria dos xornais *Ahora* y *La Voz*; colaboradora no programa informativo radiofónico *La palabra* de Unión Radio; ao rematar a guerra civil traballou no xornal *Informaciones* e, a partir do ano 1954, foi a súa corresponsal en Washington; en 1959, e durante nove anos, foi corresponsal en París para o xornal *Ya*; despois, ao voltar a España incorporouse como redactora a este xornal durante trece anos, ata a súa morte. Durante un

período da súa etapa profesional como xornalista, nos anos corenta, utilizou o pseudónimo Carmen Moreno. Moreu aos 72 anos.

O Encontro «Mujer y Periodismo» durou tres días e a temática centrouse en tres eixes: a función da muller no xornalismo, a visibilidade da muller na información mediática e o xornalismo de Josefina Carabias. A conferencia inaugural correu a cargo de Magis Iglesias de FAPE (presidenta da Federación de Asociaciones de Periodistas de España). No congreso participaron tamén Maite Alcaraz (redactora xefe de *ABC*), Indira García (xerente da sección Internacional e Corresponsalías dos Servizos Informativos de *Antena 3*), Carmina Jaro (directora do programa diario de actualidade social *Corazón* de TVE), Fernando García Romanillos (*Vocento*), as xornalistas e escritoras Isabel San Sebastián e Judy Bustamante, Charo Izquierdo (directora de *Yo Dona*), Cristina Pérez Fraga (directora xeral da Axencia de Comunicación de Xénero *AmecoPress*), Iñaki Gabilondo (Presentador de *Noticias Cuatro 2*), Catherine Saupin (Universidade de Nantes-Francia), Mercedes Rico Carabias (embaixadora de España en Irlanda) e Fernando González Urbaneja (presidente da Asociación da Prensa de Madrid).

Os actos tiveron lugar no Salón de Graos e na Aula Magna do Edificio da Reitoría da Universidade Carlos III de Madrid, no Campus de Getafe, durante os días 10, 11 e 12 de decembro de 2008. 6

* Profesora Titular de Comunicación Audiovisual e Publicidade na Universidade de Vigo e relatora no Congreso coa comunicación «Prensa feminista: 25 anos da revista *Andaina* (1983-2008)».



Cando todo era posíbel: Desmemoria de Andaina

ANA GLORIA BLANCO ORVIZ

Santiago

Seguramente aqueles foron dos mellores anos da miña vida, pero xa non os recordo ben. As imaxes son confusas e non reflicten un tempo real, senón que mesturan acontecementos, datas, persoas: seis anos como estudante son moitos anos. Incluso terminei coa sensación de fastío, aínda que sempre me encanta volver a pisar as súas rúas e sempre sinto que eu tamén pertenzo a esta cidade.

A tradición di que en Santiago os bos anos sempre foron os anteriores aos da túa chegada: as grandes folgas de estudantes, as grandes movidas, as *caceroladas*.

Esfórzome por rescatar os recordos gardados durante vinte e tantos anos nalgún lugar da memoria, como vellas fotografías nunha caixa de galletas: pi-

sos compartidos por estudantes en Santiago de Chile (e o seu gran patio interior), Alférez Provisional, Loureiros... O sentimento de estar facendo *historia* dentro da familia como muller universitaria. As tardes de sol no campus, sobre a herba. Seguro que foron poucas. Entón chovía en Santiago. O camiño ata a Facultade de Filoloxía na praza de Mazarelos, subindo pola rúa das Orfas. As reunións nos pisos. Os meus debuxos imposíbeis. Os primeiros amores. As comidas baratas. A praza Roxa. A visita do Papa e o triunfo do PSOE. O 23-F. O desenredado do pelo antes de volver a casa por vacacións. O tempo perdido para o estudo. As escapadas a comer unha tortilla en Cacheiras. A sensación de respirar liberdade, de vivir con liberdade por primeira vez.



Ana Gloria Blanco
1982, a arrogancia dos 20 anos



Recordo o madrugón (que non sería tal) das mañás de domingo para ir ao Toural coa mesa e as mercadorías: os carteis, os libros, as pegatinas, as chapas, as follas de recollidas de firmas. Eramos as indias. Admirabamos a militancia entregada

AGM

Eu nacín en Langreo (Asturias). Crieime nunha comunidade mineira que non perdera a súa ancoraxe co campo e respectaba os seus ritos, aínda profundamente machistas, onde as mulleres alcanzaran o seu estatus de esposas e amas de casa e quizais complementaban o sustento familiar con pequenos traballos de modistas en casa ou coitando unha pequena facenda. O mesmo lugar onde moitas avoas viúvas da guerra tiveran que facer todo tipo de traballos para manter a súa numerosa descendencia: lavar carbón, cargar vagonetas... Pero onde as mulleres tampouco perderían a oportunidade de facerse valer sostendo as folgas, manifestándose pola auga ou formando parte das primeiras asociacións de veciños da transición. Cando tamén todo parecía posíbel.

Dalí, no curso 1980-1981, cheguei a Santiago, despois do meu paso pola Laboral de Vigo, que tamén deixou en min a súa impronta.

Creo que o anuncio da primeira reunión de AGM á que acudín vino pola rúa ou na facultade. Creo que tamén naquel tempo estaba disposta a todo, incluso a pequenas aventuras nocturnas co *spray* na man a pesar da miña condición cobarde e pouco dada ás emocións fortes. Como o peche no concello a favor da lei do aborto, tan de actualidade que hoxe volvemos a recuperar os vellos lemas para a manifestación do 8 de marzo deste 2009, e a multa posterior que chegou o meu

enderezo familiar, a preocupación deles, o orgullo noso de ter feito algo contra o sistema que aínda saía do longo período de ditadura.

Recordo o madrugón (que non sería tal) das mañás de domingo para ir ao Toural coa mesa e as mercadorías: os carteis, os libros, as pegatinas, as chapas, as follas de recollidas de firmas. Eramos as indias. Admirabamos a militancia entregada. A vida militante. A admiración polas que sabían. A súa preocupación por transmitir, por sensibilizar, por...

Reunímonos en casa de Nanina ou de María Xosé. Discutíamos sobre a dobre militancia, a visibilización das lesbianas (formamos a primeira –mini–comisión de lesbianas), a participación dos varóns nas reclamacións feministas... Conviviamos con outros grupos de mulleres e con outros puntos de vista. Había que estudar, leer, debater, discutir.

Tíñamos a sensación de participar, de influír no rumbo das cousas.

Foi fácil con Nanina e María Xosé e Ana e Sonia e Elena e Tareixa e Encarna e Lupe..., esquécese os nomes. Con Bego, pero esta é outra historia. Todo era novo e todo era interesante.

Os 8 de marzo. Deles, sobre todo dos primeiros, gardo un recordo moi especial.

Andaina

Palabra polisémica. Estación de paso para min. A confianza que outras persoas che outorgaban para que fixeses algo por ti mesma e a inseguridade na propia capacidade.

Non recordo moi ben como xurdiu a idea de *Andaina*. Unha revista feminista en galego froito da eclosión de asociacións e de militancia da transición. Existía a necesidade de formalizar dalgunha maneira o que estaba pasando: escribir para reflexionar e para que outras reflexionaran, para discutir, para convencer, para reunir, para dar voz, para denunciar, para crear.



A presente crise económica desde unha perspectiva de xénero



 **MARÍA DO CARME GARCÍA-NEGRO**

Unha mirada á historia do capitalismo permítenos, nunha primeira observación, coñecer como a súa evolución deseña condicións de crecemento económico desiguais, asimétricas e/ou diversas para os distintos países, os diferentes sectores e subsectores económicos, os diversos estratos de clase traballadora. O exame á luz da perspectiva de xénero tamén fará precipitar diferentes diagnoses e mais propostas de acción na política encamiñada ao logro do cambio social.

Nun primeiro exame do conxunto, si é observábel a existencia de desigualdade entre clases sociais. O que resulta doado esquecer é que o modo de desenvolver o sistema crea ao mesmo tempo que máis riqueza, máis desigualdade. O abano das diferenzas amplíase a medida que se crea maior capacidade de producir e, polo tanto, de crecemento. Así mesmo no mercado de traballo á vez que se dan novas incorporacións (no noso caso examinamos o mercado de traballo desde as mulleres) non fo-

ron derrubadas as bases da desigualdade: de incorporación, de salario, de promoción, de representación e de xubilación, por citar só algúns dos chanzos da vida laboral dos traballadores. Semella, pola contra, que a medida que se dá a incorporación das mulleres ao mercado de traballo ao mesmo tempo danse avances no campo da lexislación laboral, na identificación das discriminacións, na denuncia da opresión e na exhibición de logros evidentes, pódense observar precarización, diferenzas

RISE

salariais, inseguridade, condicións de traballo ilegais e relacións laborais mesmo ilexítimas. Cohabitán situacións espléndidas para exhibir como logros con outras que (era esperábel) deberían estar superadas polo propio devir en evolución da historia da humanidade.

Así estabamos –refírome a un tempo cronolóxico de comezos do século XXI– cando case de súpeto fáisenos evidente o estourado da crise presente que, sabemos, mudará para peor as condicións de acceso e permanencia das mulleres no mercado de traballo.

[...] si é observábel a existencia de desigualdade entre clases sociais. O que resulta doado esquecer é que o modo de se desenvolver o sistema crea ao mesmo tempo que máis riqueza, máis desigualdade



Se o principal problema do presente é recoñecer, identificar e crear posicións de defensa ante a crise presente, pode ser útil comezar por unha análise da natureza e síntomas da presente crise.

A crise

Trátase dunha crise do sistema, é (como as anteriores) unha crise propia do capitalismo. Dito doutra forma: o capitalismo é un sistema económico do que podemos predicar entre as súas características estruturais o feito de se desenvolver de forma cíclica, de maneira que os períodos de auxe económico conducen a un *boom* que se ve continuado por outros períodos de achamento até desembocar nunha caída: caída das vendas, caída da produción, caída dos investimentos, aumento do paro, caída do consumo, caída do aforro e dos investimentos e polo tanto recesión. Esta ringleira de secuencias –non necesariamente nesa orde– conforma o panel de síntomas de calquera crise e se, como a presente, para chegar ao plano da economía real debemos comezar por comprender o

papel xogado pola parte financeira da economía non facemos máis que agrandar o tamaño da fonte dos problemas.

A posibilidade das crises desde a orixe do capitalismo fundamentouse nas mesmas leis de funcionamento: basta con que os vendedores de mercadorías non atopen clientes con capacidade de pago para que se produza unha crise de sobreprodución. O crédito é á vez un instrumento de acercamento entre vendedor e comprador e tamén unha fonte de crise. Depende de que momento do ciclo examinemos pode ser favorábel á separación económica e favorábel á creación de quebras económicas coa conseguinte caída de produción e aumento de paro.

No capitalismo presente é dominante o capital financeiro ou dito dou-

O capitalismo do tempo presente é mundial. Mundial é a produción, mundial o comercio de bens (mercadorías e servizos) e mundial tamén as relacións financeiras



tra forma: a natureza do capital nesta etapa é financeira, quer dicir todas as formas do capital adquiren natureza financeira no seu propio desenvolvemento. Non hai, xa que logo, ningunha forma de capital libre de se desenvolver segundo a racionalidade (e/ou *irracionalidade caótica*) do mercado financeiro.

O capitalismo do tempo presente é mundial. Mundial é a produción, mundial o comercio de bens (mercadorías e servizos) e mundial tamén as relacións financeiras. Ademais é característico do desenvolvemento do capitalismo contemporáneo ese protagonismo exhibicionista e esmagador do mercado financeiro global. No escenario da economía mundial o protagonismo das relacións financeiras –agora xa desvinculadas da súa función de financiamento dos investimentos e dos restantes

gastos da economía real– como mercado do diñeiro polo diñeiro, sen control público mundial de ningún tipo, arrombaron como unha onda xigante (estivo ben o precedente do Katrina do ano 2005 e a crise asiática de 1997) con toda a economía real por diante. Quen prevía que a GM podería estar seriamente comprometida por culpa das *subprime*?

O comezo deste proceso podemos datalo nos anos setenta, xusto no momento en que os problemas da crise –daquela crise– esixían toda a atención e dedicación para solucionar a grave crise industrial. Houbo cambio do modelo de acumulación e xunto con outros moitos sucesos o máis relevante para o noso caso presente deuse no plano das relacións monetarias internacionais. O día 15 de agosto de 1971, Nixon declarou unilateralmente, e violando as normas do FMI, a non conver-

tibilidade do dólar en ouro. Entre outras consecuencias, este feito supuxo a desaparición do Sistema Monetario Internacional, o abandono *de facto* de toda norma e control público no mercado internacional do conxunto de estados que tiñan o peso máis relevante na economía mundial capitalista e o paso, polo tanto, a un réxime monetario e financeiro mundial privado. O carácter non público nin suxeito a autoridade mundial constitúe non só unha das características máis destacadas deste novo réxime financeiro, senón que tamén é a fonte máis grande de vulnerabilidade, inestabilidade, risco e mesmo catástrofes. Vulnerábel porque a súa debilidade é tan grande como o é o tamaño alcanzado polas relacións financeiras: dado que no mercado financeiro global véndense todo tipo de produtos (antigos coñecidos, novos e descoñecidos, e a mestura de todos eles) basta que prenda a chama da insolvencia e/ou de caída de ganancia nun só deles para que contamine ao resto. Así sucedeu nos anos oitenta coa crise de débeda dos grandes países latinoame-

Mesmo os segmentos sociais das denominadas clases medias que vincularon os seus aforros aos vaivéns da bolsa, sofren empobrecemento relativo



ricanos. A súa débeda era en divisas a entidades financeiras privadas, con tipos de interese e condicións libres en relación aos préstamos do FMI, pero tiña acadado tal tamaño que supoñía para os debedores unha verdadeira hipoteca de toda a produción nacional. Non eran os maiores debedores, xa que o primeiro posto correspondía, e segue correspondendo, á débeda dos EE. UU., pero si eran os maiores endebedados da periferia e significaba en relación ao PNB de México, Brasil, Arxentina, Chile, Bolivia, Costa Rica... entre o 50% e o 120% do seu PNB. A manifestación de vulnerabilidade deste réxime financeiro privado deuse no momento en que México (1982) declaraba a non posibilidade de facer fronte ao servizo da débeda. Nese momento espállase o pánico entre os acredores e o exemplo de non acudir ao pago polos debedores. O verdadeiro problema para os países capitalistas da parte central da economía mundial viña dado pola caída de confianza no funcionamento financeiro mundial e non polo tamaño da débeda ou pola onda de pobreza e marxinalidade subsecuente nos países debedores coa economía paralizada. Por esta razón, cando se atopan solucións, son para os prestamistas, para as entidades financeiras privadas. Os prestameiros adaptaron as súas economías ás solucións de menor pago e maior prazo que, finalmente (fins da década dos oitenta) se produciron en forma de plans individuais por países. Non obstante, neste camiño quedou posta de manifesto a inestabilidade do novo réxime financeiro mundial. É tremendamente propagador de vulnerabilidade, porque arrastra á caída, á pobreza e á marxinalidade a conxuntos de traballadores denantes integrados nunha economía con crecemento económico. A vulnerabilidade do sistema propiciada polo réxime financeiro non se manifesta só en datos, como son o valor en bolsa das sociedades cotizadas, o asombro dunha caída de valor ao 50% (en marzo de 2009 as sociedades españolas que cotizan en bolsa valen a metade que en

2008), senón o significado que este dato ten para o conxunto dos traballadores. Estes non teñen posibilidade algunha de intervención nin de solucións para a caída de produción, o desinvestimento, o aumento de deslocalización, o paro e o empobrecemento. Mesmo os segmentos sociais das denominadas clases medias que vincularon os seus aforros aos vaivéns da bolsa, sofren empobrecemento relativo.

A súa natureza de privado, sen autoridade pública algunha, sen norma algunha, máis ca de perseguir a máxima ganancia que rexe nos negocios privados, convertía calquera novo negocio financeiro mundial nun depósito de inestabilidade, xa que, o grao de desenvolvemento económico e de sensatez, no negocio extraterritorial de todos os intervintes do mundo, é moi disímil. Non existe homoxeneidade entre a estrutura económica e as institucións dos vellos países capitalistas titulares de moedas fortes, e a economía de países novos industrializados, emerxentes ou mesmo tigres asiáticos (fixémonos na identificación co felino, a que nos recorda: forte, fero, musculoso, velloz, depredador, avisado, dominante...). A extensión das relacións financeiras abrangendo a todos eles (todos os capaces de comprar e vender diñeiro) elevou en termos exponenciais o risco e a inestabilidade. Así quedou de manifesto noutro episodio de crise financeira precursora da presente: a de 1997 en Tailandia. O impacto deixou sentir fortemente en todo o sueste asiático e no Xapón, pero nin Europa nin os EE. UU. viron afectadas as súas economías. Non obstante, as aprendizaxes que daquela se podían ter tirado caeron totalmente en saco roto. Foi preciso agardar a unha crise orixinada no interior da economía americana, e rapidamente propagada por todo o mundo, para que se tomase en conta a debilidade do mercado financeiro mundial. Debilidade agora manifestada en que unha vez prendida a chama de *insolvencia* o incendio propágase de forma rápida, segura, sen control nin bombeiros. Ve-

xamos. No Sistema Monetario Internacional que rexía o FMI existía unha correspondencia entre o peso relativo da economía dos membros do fondo no conxunto de integrantes do mesmo. As relacións financeiras, en tanto que monetarias, rexíanse por regras asumidas por todos os pertencentes ao fondo e a posibilidade do negocio do diñeiro polo diñeiro non era coñecida na súa dimensión autónoma de economía real. No presente existe un mercado financeiro mundial, autónomo, extraterritorial, onde se compra e vende diñeiro sobre diñeiro en cantidades non imaxinábeis, en forma de *produtos* financeiros de terceira, cuarta ou quinta



xeración, que perderon calquera relación e sentido desde a perspectiva de financiar crecemento económico real... e ademais suxeito á clasificación de categoría financeira de sociedades clasificadoras privadas que forman parte de forma amoral, ou cando menos non sensata, do negocio.

Por iso é tan doado para nós asumir sen sorpresa o nacemento e evolución da crise presente. Calquera episodio, mesmo con aparente pequena importancia, pode –e así foi– constituírse en combustible para un lume en espera. As chamadas hipotecas *subprime* teñen nesta ocasión a honra de ser o detonante da presente crise. Un suposto eixe no cálculo de tendencia de evolución dos prezos dos bens inmobiliarios e a im-

previsión de concesión de préstamos con menor garantía da sensata, foron suficientes para levar ao traste unha boa época de crecemento económico real e de supercrecemento financeiro no mercado mundial. Como é sabido, é imposible controlar despois de desbocado o tropel das finanzas e é tamén sabido que é tremendamente difícil separar produtos financeiros bos (solventes) dos

As mulleres no mercado de traballo presente. Efectos da crise

No noso país, cuxa economía forma parte da economía mundial, a presenza de mulleres na *producción* foi sempre un feito incuestionábel: o grao de desenvolvemento económico do pasado próximo non acadou o nivel necesario para chegar a observar un colectivo de

a crise vai provocar nas mulleres en tanto que traballadoras.

Para intentar comprender como van ser os efectos da crise nas mulleres no mercado de traballo, partimos das hipóteses seguintes que nos achegan á maneira de funcionamento do mercado de traballo no capitalismo actual.

Os mecanismos de ancheamento (crecemento da demanda) do mercado de traballo responden a:

- ▶ A evolución do mercado de traballo vén marcada polo proceso de acumulación do capital en marcha (e non á inversa)
- ▶ O mercado de traballo muda nos seus comportamentos (referímonos

Para intentar comprender como van ser os efectos da crise nas mulleres no mercado de traballo [...] O mercado de traballo muda nos seus comportamentos (referímonos aos movementos na composición da forza laboral)...



malos (contaminados de insolvencia e/ou exclusivamente especulativos), polo que o padecemento da economía real é seguro. Unha vez iniciado o proceso de caída da confianza e da capacidade solvente de execución das vendas no mercado financeiro, o parón do crédito e do funcionamento da súa corrente financeira á economía real é un *continuum*. E unha vez que se produce o parón ao crecemento, mesmo até chegar a recesión, é difícil e longo o proceso de recuperación que –ademais– vai supor fondas modificacións, tanto na esfera produtiva como na financeira e na institucional.

mulleres amas de casa superior ao de traballadoras. Sería matizábel se estaban recoñecidas, visualizadas e/ou computadas como partícipes no mercado de traballo, pero o que si é innegábel é a participación maioritaria das mulleres galegas na economía real.

Nas últimas décadas produciuse un grande cambio na estrutura económica galega e con el, do mercado de traballo. Tamén a participación das mulleres galegas no mercado presente é equiparábel á de calquera outro país do noso ámbito. As condicións xa non son equiparábeis no mesmo sentido que o número. Segundo sexa o lugar relativo da situación nese mercado e as condicións do posto de traballo ocupado, así serán as consecuencias e afectación que

aos movementos na composición da forza laboral) ao longo do tempo como un proceso histórico que non ten porque ser lineal: avances sucedénse de estancamentos e retrocesos

- ▶ Como consecuencia do anterior, a composición do exército de reserva vén dada pola caída da demanda de traballo no interior da economía dun país e pola evolución cara a fóra desa mesma economía (que podemos identificar coa internacionalización)

Quérese dicir que son os movementos de capital os que marcan o camiño e a evolución do mercado de traballo. A participación, inserción, promoción e desaparición das mulleres no mercado de traballo derívase, polo tanto, en primeiro lugar e de forma determinante



Tamén a participación das mulleres galegas no mercado presente é equiparábel á de calquera outro país do noso ámbito

dos movementos de demanda de traballo no interior da nosa economía que realiza quen emprega aos traballadores, é dicir o capital.

É relevante examinar como ten sido a inserción das mulleres galegas no mercado de traballo: atopamos un grande abano de asalariadas en case todos os estratos da produción, pero –sospeitosamente– formando parte dos segmentos de traballadores en sectores de actividade que reúnen as condicións de temporalidade elevada, salario baixo, cualificación (do posto, non da traballadora) medio baixo e polo tanto *postos* de traballo intercambiábeis e/ou os primeiros prescindíbeis. Serían os grupos produtivos de industria téxtil e de confección, alimentación, plástico, auxiliares de automoción, industria do automóbil, restaurantes, cafeterías, hostalería, servizo doméstico, servizos a empresas, comercio polo miúdo, saneamento e servizos financeiros. Na Administración pública, en sanidade, educación, servizos culturais, transporte danse situacións que van desde o emprego feminino maioritario, cuns niveis de educación de postos de alta cualificación, ata a convivencia con empregos (públicos e/ou privatizados como os servizos de limpeza) de máis baixa cualificación do posto e das restantes condicións.

Dado que a inserción e o mantemento deste estatus de participación está hoxe pendente da dinámica xeral do proceso de acumulación do capital, é tamén esperábel que aqueles procesos de peches, desinvestimento e deslocalización afecten ao conxunto dos compoñentes do aparato produtivo con

facilidade para o recambio e/ou por desaparición en termos absolutos. Así, por exemplo, a industria de confección que resulte afectada pola caída da demanda e da crise pode resistir (ou desaparecer) de dúas maneiras: deslocalizándose e cambiando a produción para un mercado de traballo máis barato aínda e manter unha pequenísima entidade produtiva en Galiza (pequeno número de postos de traballo probablemente só de administración e deseño) ou simplemente desaparecer por non resistir aos envites da crise. En calquera dos dous casos o corolario é a caída de emprego feminino.

Noutros casos como, por exemplo, o comercio polo miúdo é probábel que a onda de caída do consumo remate coa desaparición dun bo número de pequeno e mediano establecemento e co consiguiente paro das traballadoras, sen posibilidades a curto prazo de recambio, porque as grandes superficies que abranguen cada vez máis unha cota superior de mercado son demandadoras de moi pequeno número de traballadoras.

No caso da Administración pública todo vai depender da aplicación de medidas de política económica anti-crise que promovan a ampliación de gasto público en actividades directamente produtivas ou dos servizos persoais máis aló da sanidade, así como noutras actividades económicas creadoras de demanda de traballo de forma indirecta. De momento non parece que estas accións conformen parte das accións de política do Goberno central e no plano autonómico está por chegar.

A pregunta final, por que somos as mulleres as que máis imos padecer en

carne propia os efectos da crise? Porque a nosa situación relativa no mercado de traballo é máis débil ca dos homes, entendidos os dous colectivos no seu conxunto. As mulleres chegamos máis tarde, ocupamos peores postos, cobramos salarios inferiores, estamos infrarrepresentadas nos postos onde é habitual tomar decisións que afectan ao futuro dos traballadores, temos de forma colectiva menos experiencia na loita sindical, temos menos autoestima laboral e ademais (e non menos importante) cargamos con responsabilidades extra mercado que nos converten en aínda máis vulnerábeis. Esta ringleira describe unha situación, non é un listado de feitos inamovíbeis. O cambio social forma parte, de maneira colectiva, dos proxectos das mulleres, en primeiro lugar en beneficio propio, pero, tamén, como premisa imprescindible do cambio social. **6**

Consultar:

ÁLVAREZ ALEDO, Carlos (1996): *El impacto de la contratación temporal sobre el sistema productivo español: Relaciones entre segmentación laboral y productiva*, Madrid, Consejo Económico y Social de España, 1996.

BRAVERMAN, HARRY (1974): *Labor and Monopoly Capital*, Nova York/Londres: Monthly Review Press.

FMI: Informes Anuais.

MANDEL, Ernest (1975): *Tratado de economía marxista*, Lisboa, Delfos.

MICHALET, C. A. (1998): *Le capitalisme mondial*, París, Quadrige/PUF.

SOROS, George (1999): *La crisis del capitalismo global. La sociedad abierta en peligro*, Madrid, Debate (Temas de Debate).

Entrevista a **Anna Pruckamayer**

☺ IDOIA ELFSTRÜM

Anna Pruckamayer ten un bar en Venecia, preto da Ferrovia dei Santa Lucía. No transcurso da entrevista demostra que coñece moi ben a cidade (é veneciana de nacemento así como o son os seus pais e o seu apelido é unha herdanza dun feito histórico, a invasión dos austríacos) e fálanos dos últimos cambios que sufriu a mesma, así como das novas propostas e outras realidades puramente venecianas que son moi afastadas e á vez moi próximas ás doutros lugares que non contan con estas peculiares características.

Enderezo: Bar Chiodo Fisso,
San Polo 2465/f , Venecia



1. En que aspectos notaches a crise en Venecia?

AP: Máis que sentir a crise en Venecia, percíbina a través das persoas, eu fago un traballo de comerciante e por iso coñezo tantos comerciantes, Venecia é unha cidade de comerciantes... Eu sinceramente non noto a crise, nótoa porque sinto esta axitación, este medo, esta sensación, este temor, a través de todas as persoas ás

[...] no meu caso, estou a aumentar o número de clientela, entón, teño menos entrada de diñeiro, porque cada persoa gasta menos, pero a nivel de cantidade de persoas que frecuentan o bar, está a aumentar

que vexo, ás que escoito. Hai situacións que coñezo de cerca, de persoas, que desgraciadamente, viviron o seu aspecto máis grave, persoas que foron despedidas dos seus traballos. Cando son persoas da miña idade (35 anos) ou maiores, os problemas empezan a ser serios.

— Como afectou ao turismo?

AP: Seguramente diminuíu, pero sinceramente, os momentos do ano cando Venecia se baleira de turistas, vivinos xa. É só desde hai poucos anos que ocorre que Venecia ten a mesma cantidade de turistas en outubro, novembro, xaneiro... que en Semana Santa, verán.

— E, ao bar?

AP: A min persoalmente, na miña situación privada, afectoume relativamente, porque teño un bar desde hai



pouco, hai dous anos e medio, e o meu traballo está a medrar, aínda que pareza absurdo, exponencialmente; vexo que cada cliente habitual, que antes se podía permitir o café, a comida, e á tarde o aperitivo, agora só se pode permitir unha de todas estas cousas. Pero no meu caso, estou a aumentar o número de clientela, entón, teño menos entrada de diñeiro, porque cada persoa gasta menos, pero a nivel de cantidade de persoas que frecuantan o bar está a aumentar.

— Son estranxeiros, turistas...?

AP: Eu coa xente que traballo máis non é veneciana especificamente, senón xente que traballa aquí, en Venecia, estudantes.

— Estudantes?

AP: Os estudantes ocupan unha alta porcentaxe, digamos que un 50% da miña clientela.

2. Con que problemas se enfrenta o sector da restauración?

AP: Si que está a afectar ao sector. Porque no momento no que a xente ten que pensar nunha economía mensual, non gasta tanto. Os turistas, no canto de comprar a botella de auga no bar, cómprana no supermercado, no canto de comer cada un un bocadillo, cómeno entre dous, chegamos a este punto...

Hai un turismo máis ca europeo, do leste de Europa respecto dos turistas habituais, de Inglaterra, Francia, España... e nótase tantísimo, sobre todo nunha cidade turística como é Venecia. Xa que Venecia vén descrita e considerada como un sitio turístico, pero non para todos, é considerada como unha cidade cara. Por iso, o turista que vén debe estar atento a determinadas cousas, porque é verdade que os prezos están fóra de lugar, vexo que aquí existe un espírito de comerciantes que é moi forte, máis que noutras cidades.





É unha actuación inherente á cuestión da seguridade laboral, o problema deste último período, é que polo que parece, Italia resulta ser o país europeo onde máis mortos hai por cuestións laborais, o que non ten nada que ver coa crise

Debido a este traballo coñezo a cantidade de donos, traballadores de bares, restaurantes... e non fago máis que ouvir a xente que se lamenta, que se lamenta... pero é que falamos de perdas do 40, 50, 60%, non do 10, 20, 30%.

3. Consideras que existen moitas leis que vos prexudican? Cales, por exemplo?

AP: Creo, no relacionado con Venecia, que hai cousas que cambiaron. Unha, que na miña opinión é equivocada: o custo do transporte público, é demasiado, moi moi caro. Din que o alcalde de Venecia quere deseñar un novo mapa de Venecia para os turistas, dando a cada un que entra na cidade botellas de plástico baleiras e un mapa coa localización de todas as fontes de Venecia; de modo que o turista

no canto de ir a un bar, a un supermercado, a un restaurante a comprar algo para beber, vai a unha fonte, enche a botella de auga e ten a posibilidade de beber. Outra iniciativa do alcalde, parece ser, que chegou a un acordo coa Coca-Cola, coa idea de introducir 50, 60 distribuidores por toda a cidade. Segundo el, é un modo de combater o gasto excesivo ao que se ve forzado o turista.

— Así que se favorece ao turista pero non ao traballador, porque isto claramente prexudicavos?

AP: Persoalmente, non me permito emitir un xuízo respecto diso, porque creo que o traballo do alcalde é moito mais complexo do que eu sei. Pero debemos de estar atentos a estas cousas, no sentido de que me parece esaxerado considerar que o turista é



castigado a pasar fame porque debe gastar 2,50 euros nunha botella de Coca-Cola, creo que é moito máis grave gastar 6,50 no *vaporetto* que 2,50 no refresco. Porque aínda que Venecia é unha cidade que se coñece a pé, tamén é verdade que un turista quererá ver e coñecer Burano, Murano, Torcello... que son as illas e ás que evidentemente non se pode ir a pé.

4. Existen unha serie de cursos obrigatorios, de que tipo son? Son de pago, pareceche unha medida xusta? Sérvenche ou máis ben faiche perder tempo e diñeiro?

AP: Este é un problema que ocorre en toda Italia e estes cursos son relativamente novos, lévanse a cabo desde 1994.

— Antes da crise

AP: Si, antes da crise. É unha actuación inherente á cuestión da seguridade laboral, o problema deste último período, é que polo que parece, Italia resulta ser o país europeo onde máis mortos hai por cuestións laborais, o que non ten nada que ver coa crise. Si ten que ver, en cambio, o feito de que no canto de informar á xente para facer estes cursos de seguridade laboral, elevaron o prezo das multas. Por iso, se agora a unha persoa que non fixo os cursos fanlle un control e non ten os papeis que demostran que asistiu, penalízana con 24.000 euros.

Creo que hai escasa consideración sobre como deben aplicarse; por exemplo, eu debo asistir ao mesmo curso de seguridade que unha empresa que ten moitos empregados. A diferenza entre a miña realidade e estoutra

O problema do extracomunitario, dos chineses, por exemplo, é que ten a necesidade de facer diñeiro, por iso compórtase co turista dunha maneira distinta, quizais baixa a calidade, pero aumenta os ingresos

situación, significa que eu vou en calidade de titular e non cun responsable dos empregados que o vén a facer comigo. Ademais os riscos que teño no meu posto de traballo son pequenos. Algúns cursos son útiles, por exemplo o curso antiincendios (hai cursos de pouco, medio e máximo risco, cada un ten un prezo distinto, tamén cambia a duración, o perigo de cada lugar, un teatro é máis perigoso en caso de incendio que un bar pequeno) ou o caso dos cursos de primeiros auxilios, sêrvenme. Pero no meu caso particular, facer o curso de primeiros auxilios non está relacionado cos perigos no meu posto de traballo, senón que está máis relacionado cunha conciencia común, por exemplo se me atopo cunha persoa na rúa que ten un problema, sei cales son as tres nocións que, aínda que non me servirán para salvarlle a vida, poderán axudala. Pero creo que deberían aplicarse doutra maneira. Non digo que debesen ensinársese nas escolas, pero si creo que o ser humano debería ser educado para ter unha conciencia de solidariedade.

E considero que máis ca dos traballadores é unha necesidade de todos.

Ademais resultan moi caros, porque pérdese o tempo da asistencia aos cursos, pérdese diñeiro para pagar a unha persoa que che substitúa e a isto hai que engadir o custo do curso. Así que, ao final, a xente, no canto de asistir e permanecer catro horas, queda só dúas, porque lle basta a firma que demostra a asistencia.

Estas iniciativas son moi seguidas pola xente, porque hai un gran número de mortos laborais, así que creceu o control de seguimento e no caso de non realizalos existen sancións económicas fortes.

5. Aféctache a normativa do horario de apertura e peche do bar e a terraza?

AP: No caso de Venecia trátase seguramente dunha cuestión política, e seguramente tamén da intolerancia do cidadán. Debido ás estruturas desta cidade, máis que existir unha axuda, unha apertura de miras para vencer dun modo creativo o problema da crise, créanse impedimentos. Se eu, por exemplo, creo iniciativas para o

bar, como un pequeno concerto, só pode durar até as once, é dificilísimo que o concello me dea os permisos, debo pedilos polo menos cun mes de anticipación, debo pedir non só os permisos, porque se trata dun espazo público, senón tamén permiso á SGA italiana.

6. Como afectou a apertura de tantos negocios de inmigrantes nos negocios locais?

AP: Estou segura de que as múltiples culturas, non danan o comercio, estou contentísima desta realidade, xa que creo que nesta variedade está a alma do comercio, porque méteche en xogo. Eu creo que en Venecia hai demasiado poucos, no relacionado cos negocios. Un bar rexido por un chinés, por un árabe... eles teñen un modo de tratar ao turista que é completamente diferente do estilo dun veneciano.

— Cal é a diferenza?

AP: O veneciano mantén unha *venecianidade* (agora parece que falo dos venecianos coma se fosen uns santos...), a xente que coñezo realiza o seu traballo cunha certa ética, aínda que tamén hai cantidade de venecianos que non a teñen... O problema do extracomunitario, dos chineses, por exemplo, é que ten a necesidade de facer diñeiro, por iso compórtase co turista dunha maneira distinta, quizais baixa a calidade, pero aumenta os ingresos. Ten un modo de comportarse co turista americano que é idéntico ao que ten cos venecianos, que están habituados desde hai trinta anos a tomar o *spritz*¹ nos típicos bares. Trata a todos do mesmo xeito, que desde un punto de vista é xustísimo, sobe o prezo para todos, non é que o baixe para todos, senón que o sobe para todos.

— Ocorre que en xeral o veneciano paga menos que o turista?

AP: Non é iso, non é que pague menos, senón que hai un pouco máis de... Quizais sexa que o veneciano sabe cales son os bares que non son tan turísticos... Os venecianos, en xeral, non van aos bares que rexentan os chineses, os árabes (son as etnias que máis presenza teñen aquí), porque os prezos son máis altos que noutros sitios. Se vas, pagas máis.

¹ Bebida típica da rexión do Véneto que consiste nunha combinación de *prosecco* (viño escumoso), Campari e auga con gas. Bébese habitualmente á hora do aperitivo, ao mediodía, ou á tarde sobre ás sete.



Unha actividade comercial pode abrir 13 horas ao día, agora podes traballar 7 días sobre 7. O que máis se persegue non son as horas de traballo, senón o horario de peche [...]

7. Anteriormente, que tipo de bar era este? Agora, considérase un bar tipicamente veneciano? Que orientación lle deches agora?

AP: Non o coñecía moi ben, só entrei un par de veces. Era... estruturalmente era exactamente igual, a decoración cambieina ao 100%. Facía exactamente o mesmo ca min, é dicir, tiña un servizo de comida fría, de bocadillos, de *tramezzini*²... Pero antes de ser un bar, fora durante anos un negocio de ultramarinos, e de aí pasou a ser un bar en 1986, pero sen licenza de alcol. Cando o comprei eu fixenme coa licenza para alcol. O anterior propietario, que o tivo por un período de cinco anos, non soubo evolucionar, polo que todos os meus clientes dinme del: era un tendeiro. Seguramente por iso, fixéuselle esta mentalidade. Por iso non era moi frecuentado.

— Que orientación lle deches? Podería considerarse veneciano? Pola comida, as bebidas?

AP: Non diría que ten un sinal tipicamente veneciano, porque o bar tipicamente veneciano é a *osteria*, e a *osteria* por antonomasia non fai o servizo de café, polo que non o podería considerar así.

— É a única diferenza?

AP: Non, en realidade, a *osteria*, é a que che vende os *cicchetti*,³ pídeslle un *ombra*,⁴ e comes un *cicchetti*, pero debes pagalo. Este costume está, desgraciadamente, morrendo un pouco, xa que é difícil atopar o equilibrio xusto entre a posibilidade de preparar o *cicchetto* e as normas hixiénico-sanitarias desde que entramos na Comunidade Económica Europea; porque o *cicchetto* debería de estar nunhas condicións de refrixeración para o mantemento sanitario do alimento que vai en contra do que necesita o *cicchetto* para estar bo. Non podes vender a xiba fría, debes de utilizar o forno microondas para quentalo e claro, todas estas cousas alteran o sabor orixinal. E o custo do produto sobe, polo que a xente consómeo menos.

8. Como che afecta o horario de apertura/peche?

AP: Unha actividade comercial pode abrir 13 horas ao día, agora podes traballar 7 días sobre 7. O que máis se persegue non son as horas de traballo senón o horario de peche, porque desgraciadamente, Venecia é unha cidade particular. Se por exemplo hai un local público que abre até as dúas da mañá, seguramente o veciño que vive encima, non dorme. E aquí son pouco tolerantes.

— Protéxese moito ao cidadán?

AP: Non o sei, porque eu tamén son cidadá e ninguén me esta protexendo cando veñen controlar se cumpro coas normativas.

— Pero trátase de facer prevalecer a tranquilidade da cidade?

AP: Si, de feito se eu abro fóra dos horarios permitidos, se os axentes descubren que abro até tarde máis dunha vez, ao final quítanme a licenza.

² É un pincho moi típico exclusivamente veneciano parecido ao sándwich.

³ É o nome que reciben as tapas en Venecia (pero páganse), máis parecido aos *pintxos* vascos.

⁴ Palabra dialectal que provén do costume que existía de tomar o viño á sombra no verán, *ombra* en italiano significa sombra e por extensión chámase *ombra* ao viño.

Podes pór música clásica por exemplo, pero se ao teu veciño lle molesta esta música, débete aguantar e quitala; non é que exista unha lei exclusiva contra a música clásica que se pon ás sete da tarde, pero chegan os axentes e preguntanche por todo tipo de permisos. Anteriormente tiña un restaurante, e gustábame moito organizar concertos que, en xeral, comezaban ás nove da noite para acabar ás once. Son unha persoa que sabe de educación cívica, polo que era música jazz (non moi ruidosa), sen batería, e se chamaba alguén chegaban os axentes e como estás a molestar preguntanche pola licenza, polo libro sanitario, se o contrato dos teus traballadores está en orde... Non se toma en consideración o teu dereito ao traballo, nin che dan a posibilidade de crealo; só se toma en conta á persoa que se queixa, sen pensar que quizais sexa unha persoa de todo intolante. Ás veces, eran os do restaurante de en fronte quen chamaban.

9. Existe algunha autoridade municipal que vos axude a combater todas estas normativas? Algún tipo de sindicato a quen protestar? Quen vos representa?

AP: Temos unha asociación, a asociación de comerciantes.

— Ti pertences a esta asociación?

AP: Non, non me interesa. Pero non sei se é máis ben para defender os nosos dereitos ou máis ben para manternos informados. Coa recente construción da Ponte de Calatrava, veu un titular doutro bar para recoller sinaturas dos dous barrios máis afectados: Santa Croce e San Polo, queriamos que se pedise ao concello que se dotase á cidade dunha sinalética adecuada que axudase a que todo o fluxo de turistas de Venecia non cambiase, xa que desde a existencia de devandita ponte todos os turistas chegan ao centro da cidade sen pasar por aquí, alterou o tráfico dos turistas e iso evidentemente, afectounos moito. Pero non serviu de nada.

10. Din os expertos que non é que esteamos en crise, senón en precrise, suponse que a auténtica crise comezará a mediados do 2010, e que durará até o 2070! Como ves o panorama?

AP: Eu creo que é probable, pero non sei canto durará a crise, se até o 2070, 2050... Pero creo que no 2010 estaremos mellor, porque nos afaremos [risas], na miña opinión esta é unha crise económica producida por unha especulación que se iniciou hai anos e non facemos máis que vivir as consecuencias, non só pola economía, pero este é un discurso moi longo... Espero que polo menos sirva para cambiar os obxectivos de todas as persoas. Fálase de crise económica, pero creo que é porque se errou o obxectivo que se lle debe dar á xente. Porque asociamos a calidade da vida ao deus diñeiro, é dicir, ao consumismo. Quizais pareza que digo unha barbaridade, pero paréceme que esta crise traerá consigo unha renovación moral. Un pouco de ética. Quen non chegan a fin de mes son os obreiros, os camareiros... non é o caso dos taxistas e gondoleiros venecianos que no canto de gañar 30.000 euros ao mes, gañan 15.000, aínda que tamén se queixan, non ven a situación de gañar ao mes só 1000 euros, este é o drama.

11. Tamén se augura que o Estado perderá poder como figura e que serán as grandes corporacións as que controlen o mundo, como imaxinas este futuro?

AP: É unha visión que vai demasiado adiante no futuro. Dáme un certo medo, porque significa que haberá unha forte privatización, en Italia xa se fala da privatización da Seguridade Social, e paréceme moi perigoso, moi perigoso... Quizais o Estado teña un punto de vista máis social e as grandes empresas só un económico. Paréceme que aqueles que teñen o poder só pensan no beneficio, teño a impresión de que están todos podrecidos, pero esperemos que non... Esperemos que non! ☹

NADA NOS INTERESA
MÁIS QUE O GALEGO.
NIGUÉN NOS INTERESA
MÁIS CA TI

ASÓCIA-TE

A MESA POLA NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA
Campos do Crucero do Baro, 7 - 1º - 15705 Santiago de Compostela - Tel 981 66 38 65 / www.amezal.org

Nome: _____
 Apelidos: _____
 Enderezo: _____
 C.P.: _____ Localidade: _____
 Telf: _____

Cuota anual: | 30,05 euros.
 12,02 euros. Estudiantes e parados

Caixa/Banco Sucursal DC
 oficio/libreta de aforro
 Nome da entidade: _____
 Enderezo: _____

Malabaristas da vida en tempos de crise

📷 ZÉLIA GARCIA

O 8 de marzo deste ano estivo dedicado á crise. As mobilizacións da Marcha Mundial das Mulleres fixeron referencia a «como nos afecta ás mulleres esta crise de dimensións múltiples: de traballo, de acceso aos alimentos, ener-

xética, medioambiental e financeira, consecuencia do sistema capitalista e do neoliberalismo, da avaricia sen límites, da falta de transparencia e de control social que configuran a realidade financeira mundial».



Falamos con Natividad López, economista da CIG, sobre a situación laboral no noso país, da que salienta que «de momento as estatísticas non permiten falar desde a mera cuestión numérica dunha maior afección da crise ás mulleres que aos homes». De facto, na Galiza hai máis ocupadas no terceiro trimestre do 2008 que hai un ano, porque de momento onde caeu máis o emprego foi na construción e agora comeza na automoción, que son sectores moi

Outra das ameazas que sobrevoa a vida das mulleres con esta situación económica e social da crise é o recorte do pouco que fica do estado do benestar, polo recorte dos orzamentos

masculinizados, «mais isto só está a comezar» adianta a economista.

Do sector do automóbil son as mulleres de Valeo, unha empresa de cableado, situada no Porriño, e que protagonizaron unha das loitas máis longas contra esta multinacional que levou desde o 2004 até o de agora a continuas folgas e a unha incansábel demanda do mantemento dos seus postos de traballo e loita contra a deslocalización.

Amelia foi até este mes de marzo de 2009, no que pechou definitivamente a empresa, a presidenta do comité da empresa, e relata como foi este atípico conflito nunha empresa do metal, da que algo máis do 64% eran mulleres: «Foi un proceso moi duro, porque tiñas que atender o conflito e tiñas outras cuestións na casa, porque había mulleres novas, con fillos pequenos, e outras moitas que estaban separadas e con situacións difíciles».

Mulleres protagonistas das mobilizacións operarias

Amelia destaca a relación que se xerou nesta batalla constante e é que «estabamos moi unidas, era unha relación de moitos anos xuntas, algunhas desde os 15 anos, pasamos moitas horas de complicidade», e avalía positivamente o papel destacado das mulleres na súa loita, xa que «en todo momento as mulleres fomos as protagonistas desta historia, e eu creo que tamén foi porque somos máis habilidosas e decisivas, e isto mirouse nas manifestacións e nas asembleas. Nunca nos sentimos asustadas cando tivemos a posibilidade nestas mobilizacións de que houbera represión policial ou calquera tipo de coacción, mesmo por parte da empresa, e aí rachamos todos os tópicos».

Grazas á mobilización conseguiron catro anos máis de produción e actividade para esta empresa, e maiores indemnizacións das que contempla a lei. Na actualidade «pasamos a estar na empresa máis grande de todas: o INEM. Ademais, como somos mulleres e con máis de 45 anos, pois o temos moi difícil para ter traballo. Somos mulleres que non temos oficio, porque hoxe en día o noso traballo o realizan países con man de obra máis barata, e aquí ese tipo de traballo xa non hai ningunha opción para o encontrar», remata Amelia.

Outra das ameazas que sobrevoa a vida das mulleres con esta situación económica e social da crise é o recorte do pouco que fica do estado do benestar, polo recorte dos orzamentos.

Ademais, estase a manifestar un aumento dos despedimentos nos últimos meses do 2008, detectados na comarca de Vigo polas centrais sindicais, que resultan nulos de seren denunciados no xulgado, por situacións de embarazo, postparto, redución da xornada, e que na maioría dos casos se solucionan a través de compensacións económicas, afastando ás mulleres do mercado laboral.

O sector servizos tamén está a notar fortemente a caída do consumo, e sendo este un dos sectores máis feminiza-

dos, isto conleva graves consecuencias. Así o demostra o caso de Natalia, de 27 anos, que traballa desde nova no comercio, con ampla experiencia e mesmo con postos de responsabilidade, que desde o pasado mes de setembro non volveu traballar. Ademais ela subliña que influíron outros factores nisto de non atopar emprego e é que «gañei algo de peso, e aínda que non sexa algo determinante, si que nas tendas de roupa, que é onde máis anos traballei, pois cada vez solicitan que se cumpran unhas tallas máis estritas e que todas sexamos iguais». A perda do emprego e mesmo na actualidade da prestación que estaba a cobrar impediu que marchara da casa dos pais, onde continúa a vivir, no barrio vigués de Lavadores.

Unha crise distinta: as mulleres cabezas de familia

Aínda así, o momento que estamos a vivir ten unhas connotacións totalmente distintas ás crises anteriores, por moitas razóns, e entre elas, que o papel da muller é totalmente distinto ao de hai vinte anos. Así, Natividad López subliña que «hai vinte anos o número de familias onde as mulleres fosen cabezas de familia era insignificante, polo que se ficabas no paro, e o teu salario era concibido como unha axuda familiar, pois non tiña a mesma repercusión que ten hoxe, cando hai un número cada vez maior de familias onde a cabeza é unha muller».

Esta é a situación de Xiana, que traballa como xornalista e publicista na sede central de Caixanova en Vigo, e que desde hai algo máis de dous meses é a única persoa con traballo da súa casa. A empresa de rotulación para a que traballaba o seu compañeiro despediu á maior parte do persoal por falta de choio. Os dous rondan os trinta, e teñen unha filla de pouco máis dun ano.

Xiana explica a súa situación e reconece ter «unha sensación de frustración, porque vés que ti es a que traballas, dentro e fóra da casa; a outra persoa tamén colabora, baixo pautas e supervisión, pero non tes a forza de vontade de bo-



**«As mulleres labregas galegas
sofren de maneira máis agresiva
a crise actual»**

Falamos con Isabel Villalba, Secretaria da Muller do SLG, para coñecer máis polo miúdo unha realidade que parecera invisíbel, mais é unha parte fundamental do noso país: o mundo rural e as mulleres que traballan nel, e as súas condicións propias neste momento económico

Isabel Villalba

En resumo, coa crise, as posibilidades de emprego e protección social redúcense para todos e todas, ademais das cuestións de presión mediática, psicolóxica e social, mesmo culturais, que podan influenciar en como nos afecta esta crise

tarlle nada en cara do que antes lle podía dicir, porque parece que lle estás a dicir que non traballa, e agora trago máis do que podía tragar antes».

A cuestión da maternidade é outra contradición para Xiana, e sinala que «se non fose nai, preferiría ser eu a que currara e el o que ficara na casa, mais sendo nai ás veces síntome frustrada, porque se fose eu a que estivese no seu lugar non estaría con ese ánimo e sería todo fabuloso, seguro, porque eu estaría encantada coa nena e el estaría contento traballando, e ao ser ao revés a el non lle chega con atender á nena, e mesmo me teño que preocupar da nena eu. Para min, se fose á inversa, tristemente sería mellor, supoño que por estereotipos e costumes que psicolóxicamente afectan ao que desexamos. Tamén me sinto culpábel, pola nena e por el, por ser eu quen traballa e ter que tragarme moitas movidas, e vexo que as cousas van ir a peor, porque se só con dous meses sen traballo está así de amargado, non sei que pode pasar nos próximos meses».

En resumo, coa crise, as posibilidades de emprego e protección social redúcense para todos e todas, ademais das cuestións de presión mediática, psicolóxica e social, mesmo culturais, que podan influenciar en como nos afecta esta crise.

Segundo María Pazos (a diferenza radica en que as mulleres xa estaban en posicións máis vulnerábeis e desproteixidas, aínda que estas situacións pasaban máis desapercibidas. Homes e mulleres van ao desemprego, mais cando un home está afectado por un ERE habílanse medidas especiais; cando unha empregada doméstica é despedida non ten ningún dereito e ninguén se escandaliza da súa situación.

Nestas liñas, a través das historias destas mulleres, queremos lanzar preguntas, non quedar só nas historias e ir máis alá: saber que é o que está a acontecer en tempos de crise, criticar as precariedades, do mundo do traballo, mais que tamén son de vivenda, e voz, de coidados, de recoñecemento, de espazo, que son parte das vidas das mulleres dunha ou doutra maneira.

As mulleres sempre fomos auténticas malabaristas da vida, a miúdo con rendas baixas, con horarios delirantes, multipresenzas e contabilidades creativas. E ademais non gustamos de nos lamentar, ou ás veces si. Podemos facer da nosa condición un desafío, tecendo redes que amortezan as posíbeis caídas, e sobre todo que nos quiten o medo a caer.

Así, fica na man e no traballo das organizacións sociais, e nomeadamente das feministas, poder subverter a actual crise económica e convertela nunha boa oportunidade para repensar o modelo de organización social e transformar a situación de desigualdade entre homes e mulleres.

E quen concilia agora?

A conciliación e a promoción da igualdade foron temas da actualidade nas empresas do noso país, despois da aprobación da Lei Orgánica 3/2007 de 22 de marzo para a Igualdade Efectiva de Mulleres e Homes. Esta lei deixaba moitas cuestións abertas para o seu desenvolvemento na negociación colectiva, e axudou a que nas empresas se criara un ambiente propicio, xa que mesmo a opinión pública se posicionaba a prol destes *novos dereitos*.

Polo endurecemento das condicións de traballo estes temas da conciliación, que parecerá de novo que son cousas

privadas e que *cada unha amañe como podía*, volveron pasar a ser temas de segundo ou terceiro plano. De feito, os organismos que deberán valer por estes dereitos (Inspección de Traballo e as administracións en xeral) están a aumentar a permisividade coa súa vulneración, primando *levar o mellor posíbel a crise*.

A: A crise afecta dun xeito especial ás mulleres labregas?

IV: Esta crise afecta en maior grao ou con maior incidencia aos colectivos máis vulnerábeis. É obvio que este é o caso das mulleres labregas galegas, ao ter menos remuneración cós homes e vivir nun ámbito con menos servizos, nunha época na que ademais baixan os ingresos e soben os custos de produción, esta crise aféctalles en máis graos. Parten de situacións de dificultade, sofren de maneira máis agresiva a crise actual.

Ao respecto da comparativa entre mulleres do rural ou das cidades, atopamos unha contrapartida. No medio rural hai unha especie de colchón: o autoconsumo das casas, que pode ser neste momento un valor en positivo fronte á xente que vive nas cidades.

Mais esta opción na produción de alimentos tampouco garante unhas facilidades claras. Neste momento apúntase como gran solución que algúns alimentos baixen prezos, non se fala de recortar marxes comerciais, senón pagar menos aos produtores/as, obrigándolles a vender por baixo dos custos. Nós, que non temos nada que ver nesta crise, froito da especulación bancaria, imos pagala. **6**

As redeiras da Web **Ciber-** **feminismo**

As mulleres sempre fiaron, cardaron e teceron, aínda que anonimamente. Sen nome. Para sempre. En todas partes e en ningunha... alí é onde a nosa historia se enmaraña.

Sadie PLANT: *Ceros + uns* (1998)




 SALETA DE SALVADOR AGRA

Entrelazar os fíos da gran tea do ciberfeminismo condúcenos inexorablemente a unha diversidade en continuo movemento que nace e se reproduce no firmamento inestábel de Internet. Na nova Telépolis,¹ na cidade edificada sobre o aire que sen territorio fixo arrastra consigo unha transformación nas novas formas de comunicar e de interrelacionármolos, é onde se sitúan as feministas ciber. A súa arañeira emerxe e propágase enroscada no dobre movemento do tecer e do destecer, do facer e do desfacer. Como se dunha máquina tecedora se tratase, o seu tecleo no computador,² que comezaba alá polos

anos noventa do pasado século na cidade australiana de Adelaide, confeciona un proxecto de dobre cara que busca tecer igualdade, utilizando a rede para a causa feminista, e destecer a desigualdade, utilizando o ciberespazo como lugar dende onde denunciar e desmitificar a dominación patriarcal. Ocupar o espazo público da rede, reapropiarse socialmente das tecnoloxías –na liña d@os partidari@s do *software* libre– como espazo de acción é o lema que seguen moit@s d@os activistas ciberns, entre @s que se atopan as ciberfeministas. Habitar a *World Wide Web* implicará para elas non só a posibilidade de dar

¹ Termo acuñado por Javier Echeverría, co que quere subliñar o resultado da revolución tecnolóxica que nos levou a abandonar o que el denominou o Primeiro Entorno, o natural, e o Segundo Entorno, a cidade, para acabar no Terceiro Entorno sustentado nun estar fóra da terra, fóra dunha estrutura estática que nos «des-territorializa».

² Cabería facer unha chamada de atención sobre a importancia do tacto neste novo modelo. Autoras como Sadie Plant ven aquí unha asociación entre os labores tradicionais femininos e o tacto fronte á preponderancia da visión masculina: «O que antes era comunicación cara a cara circula entre as xemas dos dedos desfibradas a través do mundo, e todos os elementos dos



Durante os anos noventa a propagación da voz das mulleres *online* comeza a tomar corpo coa entrada de redes feministas no ciberespazo como o Womenspace de Canadá, Les Penélopes de Francia...

conta da non neutralidade semántica das tecnoloxías, senón que tamén como seres puramente lingüísticos, seres sen corpo, desprégase un novo camiño na produción da subxectividade.

O feminismo *en liña* ten a súa data de nacemento en 1991, cando as que serían precursoras do net.art feminista se reunían para formar o grupo VNS (Venus) Matrix. Josephine Starrs, Julianne Pierce, Francesca da Rimini e Virginia Barratt eran as integrantes do primeiro colectivo de aliadas coas máquinas de computación. No seu *Manifiesto da Zorra/Mutante*, con ton irónico e paródico, anúncianse como «o virus do novo desorde mundial». Conscientes da importancia da comunicación como ferramenta de empoderamento, fan uso da ‘política da parodia’ para reinventar unha canle como Internet, que dende as súas orixes –nada na guerra Fría e ligada a obxectivos militares– foi cam-

biando á par que cambiaba a sociedade. Con ironía e cunha estética claramente transgresora e anárquica, as «sabotadoras do Gran Papa Mainframe»,³ como así se autodenominan, instálanse nas redes electrónicas na procura dunha nova alianza entre mulleres e máquinas. A necesidade de ir tecendo a rede dende dentro e a suposta liberdade que, en certos aspectos, caracteriza a este medio, lévalles a denunciar a asociación homes-tecnoloxía á vez que incitan ás mulleres a espertar do letargo dixital para rachar coa fenda dixital de xénero.

Durante os anos noventa a propagación da voz das mulleres *online* comeza a tomar corpo coa entrada de redes feministas no ciberespazo como o Womenspace de Canadá, Les Penélopes de Francia, Medea de Italia, Creatividad Feminista de México ou Mujeres en Red e E-leusis de España. A

contrainformación, os espazos para o debate, visibilizar recursos e contidos feministas ou publicar opinións, contribúen notoriamente á difusión e á participación das mulleres na sociedade da información. As características da comunicación mediada por ordenador, isto é, a horizontalidade axerárquica da canle ou a posibilidade de ser lector/ora e autor/ora –rompendo así de maneira radical cos parámetros estruturais seguidos por outros medios de comunicación– sitúan a Internet como un entorno comunicativo de acción. Pero tamén, que «o corpo e os trazos sexuais ou raciais, o acento, a condición económica non se mostren, se non se desexa, pode significar máis liberdade para a expresión do *eu* e facilitar a comunicación igualitaria».⁴

Por aqueles mesmos anos, Sadie Plant, unha das maiores defensoras da necesidade de estar e facer resistencia cultural dende a rede, publica *Ceros + uns. Mulleres dixitais + a nova tecnocultura*. Un libro onde a autora reescribe a relación das mulleres coas máquinas, reivindicando o papel de Ada Lovelace e a feminización da tecnoloxía; «feminización non máis como debilidade, senón como acción desxerarquizada, como acción creativa e futuro... Feminización como subversión das forzas reprimidas da muller nas estruturas dixitais das redes».⁵ Para a filósofa británica a revolución dixital pode chegar

sistemas de coñecemento e dos medios de comunicación pulcramente ordenados e xerarquicamente establecidos atópanse cada vez máis interconectados e entrelazados» (PLANT, Sadie: *Ceros + unos. Mujeres digitales + la nueva tecnocultura*, Barcelona, Destino, 1998, p. 182).

³ O Mainframe é un computador xigante que procesa unha grande cantidade de datos.

⁴ CASTAÑO, C.: *Las mujeres y las tecnologías de la información. Internet y la trama de nuestra vida*, Madrid, Alianza, 2005, p. 46.

⁵ ZAFRA, R.: *Las cartas rotas: Espacios de igualdad y feminización en Internet*, Almería, Instituto de Estudios Almerienses, 2005, p. 98.

a botar por terra a hexemonía da lóxica binaria porque «de todos os medios de computación e máquinas que apareceron a finais do século XX, a rede considérase o compendio da nova distribución non lineal do mundo. Sen límites en canto ao número de nomes que se poden utilizar, un individuo pode converterse nunha explosión demográfica na rede: moitos sexos, moitas especies. Sobre o papel non existen límites aos xogos que se poden xogar no ciberespazo».⁶ O potencial democratizador e axerárquico do medio é visto como un verdadeiro contexto de posibilidades, onde cabe modificar significados, e onde a construción da identidade de xénero no ciber mundo abre a opción de mudar as cousas coas palabras e realizar así a utopía da verdadeira cidadanía democrática, facendo política a través dos artefactos. A descorporeización, a desencarnalización do corpo, viabiliza un suxeito que, sen as raíces corpóreas, podería chegar a liberarse da determinación de xénero. Desembarazarse da pel como as serpes ou travestir virtualmente o xénero é posíbel porque na rede de redes a carta de presentación son os signos lingüísticos ou os avatares (a representación gráfica dun mes-m@). As controversias derivadas deste tema conduciríanos a introducirmos nun complexo debate que aínda está aberto no propio seo do feminismo ciborg e que desbordaría os obxectivos destas páxinas.

⁶ PLANT, S., *ibidem*, p. 52.

⁷ A palabra ciborg, abreviación de 'cybernetics organism' foi definida pola filósofa Dona Haraway como «un organismo cibernético, un híbrido entre máquina e organismo, unha criatura da realidade e tamén da ficción [...] que vive en mundos ambiguamente naturais e artificiais», en HARAWAY, D.: *Ciencia, cyborg y mujeres. La reinención de la naturaleza*, Madrid, Cátedra, 1995, p. 253. A débeda coa filósofa australiana e co seu *Manifiesto cyborg* supón o punto de partida teórico do feminismo cibernético.



O potencial democratizador e axerárquico do medio é visto como un verdadeiro contexto de posibilidades, onde cabe modificar significados, e onde a construción da identidade de xénero no ciber mundo abre a opción de mudar as cousas...

En 1997, seis anos despois da súa constitución, o grupo VNS Matrix díxose como colectivo o mesmo ano que ten lugar a que será a Primeira Internacional Ciberfeminista (a que logo seguirá unha segunda en Rotterdam, en 1999, e unha terceira en Hamburgo no 2001). Da man do colectivo Old Boys Network (OBN) organízase en Kassel, Alemaña, o 20 de setembro, o Documenta X. Alí, a través do *Ciber-manifiesto para o século XXI*, séntanse as bases teóricas do movemento. Un escrito, en homenaxe a Donna Haraway e o seu concepto de ciborg,⁷ onde fixeron público o que non eran. É dicir, optando pola non definición, por non determinar con claridade nin exactitude as súas características diferenciais, presentáronse por vía negativa, a través de cen antíteses, coa intención de non ser encaixadas baixo unha definición estática e manter así a idea o máis aberta




posíbel ao devir do seu uso. A pesar da non univocidade e da heteroxeneidade que exhiben poderíanse sinalar como tres as acepcións máis comúns do termo, tal e como viñan recollidas en www.creatividadfeminista.org (unha das

[...] o que parece indiscutíbel é que para rachar coa historia das tecedoras teremos que poboar a rede [...]

redes feministas que proliferon durante anos no cibernundo):

- i) Uso dos ordenadores e Internet para propagar a causa feminista.
- ii) Rama da crítica feminista que pretende desenmascarar os presupostos machistas e patriarcais que hai detrás dos ordenadores e da rede, intentando que Internet sexa un espazo útil para as mulleres.
- iii) Creación de cibercomunidades e Zonas Temporalmente Autónomas que as mulleres poidan encontrarse a si mesmas e reconstruír a súa identidade fóra da influencia da mentalidade patriarcal.

Como expresa Faith Wilding «o territorio do ciberfeminismo é amplo. Inclúe o espazo obxectivo do ciberespazo, institucións de deseño industrial e institucións de educación –territorios nos que o proceso tecnolóxico é clasificado xenericamente dunha forma que exclúe á muller do acceso aos puntos de poder da tecnocultura—. ⁸ Pero como ela mesma prosegue tampouco remata aí a extensión do seu territorio. Baixo o seu paraugas aglutínanse variados grupos e opinións onde se diferencia unha liña máis pragmática, relacionada coas recentes formas de expresión artística, dunha máis teórica que reflexiona acerca das repercusións das novas tecnoloxías para o noso mundo *offline* e onde se sitúan as cavilacións sobre a chamada identidade virtual. Dentro das primeiras, e por citar as máis representativas, destacan as cibergueirillas feministas: as Cybergirls, as Webgirls, as Riotgirls e as Badgirls, entre outras. Tecedoras artistas do territorio web que na liña do VNS aproveítanse dun «medio onde o corpo se (re) fai con palabras e códigos a gusto do usuario, non



só como máscara tecnolóxica senón tamén como lugar de debate e redefinición do xénero». ⁹ Pero, consegue realmente a web traspasar a dicotomía dos xéneros?, podemos entón comezar a falar dunha identidade dixital post-xenérica? O abano das reflexións teóricas en torno ao tema, abertas en parte polo escrito de Plant, tamén deixa entrever dúas posturas encontradas: a netopía das tecnófilas, que fan fincapé na potencialidade política da rede e de Internet como un verdadeiro laboratorio de identidades (suxerindo, tal é como recolle o título dunha das obras de Remedios Zafra, ¹⁰ a necesidade de facer e nacer en Internet), e a distopía das tecnofóbicas que defenden que o cibernundo e a tecnocultura reiteran a opresión e a dominación sobre as mulleres (criticando a presenza dunha imaxe das mulleres que segue sendo fetichista e cuestionando a feminización do tele-

traballo ou a fenda económica entre países do 'Norte' e do 'Sur'). Dous polos onde hai moitos grises, pero que a grandes trazos debuxan o panorama actual das cavilacións do feminismo cibernético.

Malia todo, o que parece indiscutíbel é que para rachar coa historia das tecedoras teremos que poboar a rede, porque de non ser así construírse sen nosoutras e, como di Cecilia Castaño (2005), construírse a pesar de nós e, a luz da experiencia histórica, posibelmente contra nosoutras. ⁶

⁸ WILDING, F. e CRITICAL ART ENSEMBLE: «Notas sobre la condición política del Cyberfeminismo», en www.estudiosonline.net.

⁹ ZAFRA, R., *ibidem*, p. 63.

¹⁰ Refírome a obra *Netianas. N(h)hacer en Internet*, Madrid Lengua de Trapo, 2005.

Técnicas de mercado de guerrilla ou pasarela Cibeles



 ANA SUÁREZ

Existe un vizoso novo formato de incursión publicitaria no mundo das empresas, ongs e asociacións. O seu nome é técnicas de mercado ou publicidade de guerrilla e pretende impresionar a través de mensaxes acompañadas de accións singulares ou postas en escena, accións de intriga, impacto, singularidade e altas doses de imaxinación. A asociación Milenta Muyeres de Asturias súmase a este novo formato a través dunha campaña que combina a reivindicación e a moda dando unha nova dimensión ao concepto de home e muller anuncio.

Novos soportes para novas formas de comunicación nun momento no que os valados publicitarios xa non son tan efectivos e onde, cada vez máis, a xente busca personalizar mensaxes e reivindicacións. Que mellor sistema que a personalización de camisetas con mensaxes feministas, claros, directos e mesmo en ocasións un pouco desvergonzados. Se din que somos o que comemos non cabe dubida que dados os nosos patróns de consumo somos o que vestimos e se o que vestimos expresa ideoloxía e ten un punto de protesta, pois mellor que mellor.

Este foi o obxectivo diana dunha campaña que toma como soporte fundamental a camiseta, prenda que serviu ao longo da historia de soporte para un amplísimo acervo de manifestacións culturais, sociais e artísticas e que neste momento serve ao movemento feminista para deixar algunhas cousas claras.

E aínda que importante é o continente, polo seu poder de identificación e personalización, máis importante resulta o contido, e merece a pena facer un repaso de todas as mensaxes que a través de oito modelos de camisetas podemos coñecer.

Existe un vizoso novo formato de incursión publicitaria no mundo das empresas, ongs e asociacións. O seu nome é técnicas de mercado ou publicidade de guerrilla e pretende impresionar a través de mensaxes acompañadas de accións singulares [...]

A Milenta Mujeres as camisetas lles serviron para homenaxear ás mulleres afganas, palestinas e bosnias con toda a admiración e o cariño que esperta o recoñecemento da dificultade que ten ser muller e feminista en lugares tan duros, pero sobre todo estas prendas téxtiles serviron para comunicar mensaxes con gran sentido do humor, que falta fai neste reconcentrado mundo do feminismo.

esta ye la pinta d'una feminista

«Esta ye la pinta d'una feminista» non supoñía unha gran novidade, xa a fixeran as americanas, pero é unha baza indispensable na supresión de mitos e estereotipos sobre o aspecto que debe ter alguén que profese semellante *relixión*. Variadísimas perchas en infinito abano de belezas, tamaños e grosor conforman ao colectivo de mulleres que se identifican a si mesmas como feministas e que non teñen por que ser barbudas, desagradables ou lesbianas, como reflexa a mal entendida sabedoría popular.

SILICONA NON

Encararse coa silicona non é tarefa fácil e a mensaxe da segunda camiseta da nosa historia non deixou de ser polémica. «Silicona non» serviu de protesta ante os implantes artificiais ou a certificación de que a portadora é toda naturalidade. Iso si, porque os peitos dunha muller non son o seu centro de gravidade, aínda que luzan ben.



“Barbie, estás acabada”

«Barbie, estás acabada», é un berro que pretende, da man da fabulosa Miss Piggy, protestar contra a perpetuación de modelos imposibles que martirizan ás nenas e ás mulleres con imaxes absurdas, venden produtos cosméticos e operacións estéticas con obxectivos mercantilistas e de manipulación. A rosada Piggy é contundentemente redonda e entrañablemente ninfómana, moi feminina, pero con moito carácter, e cando sorrí ninguén se resiste. Hai alguén mellor para ameazar á escuálida loura de plástico? E o que é peor, alguén dubida da veracidade da fin da estrela de Mattel?



Cambio príncipe azul, por vibrador en buen estado



Y ya no aguanta monos

Se Barbie e Piggy conformaron parte da educación informal de toda unha xeración, outro personaxe sen dubida inesquecible é Pippi. Para as nenas e as mulleres da actualidade, Pippi é un claro modelo a seguir: orfa de nai e filla dun pirata que nunca estaba na casa, a roxa das medias de cores vivía soa co seu cabalo Pequeno Tío e un sabichón mono tití chamado Señor Nilson. Pippi facía basicamente... o que lle daba a gana. Intelixente, esperta, divertida, atrevida e cunha forza sobrehumana. Unha nena de físico rotundo e sen complexos; unha moza audaz e valorosa que se enfrontaba a perigos como calquera cabaleiro medieval; unha boa amiga das súas amigas que non aprendera que as mulleres debemos competir por un marido; unha raíña do reciclaxe no xeito de vestir e do respecto aos animais e ao medio; unha princesa do bo humor e da liberdade, queremos rescatala do baúl dos recordos. Seguramente, se Pippi levantara a cabeza nesta época xa non tería mascotas porque viaxaría moito, faríase okupa por dereito e por pracer, pasaría dos lourifios Tommy e Anika para buscar unha moza menos sosa e faríase unha tatuaxe na nádega que dixeran: ‘Pippi vive... e xa non aguanta monos’. Así que non podíamos menos que homenaxeala cunha camiseta.




Nunha franxa máis infantil cabe destacar un personaxe na liña da sedución entre menores, é dicir entre personaxes de pequeno tamaño de Pitufolandia. Pitufina sabe que os heroes que rescatan están de capa caída. Sobre todo para aquelas que xa temos decidido deixar de perseguir binomios imposibles en materia masculina: sedutores, fieis, divertidos pero serios, románticos pero prácticos, duros pero brandos, misteriosos pero de confianza... En definitiva, que o príncipe azul ou destínxe ou xa non fai graza, e a nosa felicidade ou infelicidade non depende doutros. Non precisamos esperar a que nos rescaten, a cambio de ser submisas e compracentes. Desde aquí queremos destinar os nosos esforzos ao abandono da compracencia allea e estimular a propia, porque soñar está ben, pero ser prácticas está mellor. Para iso Pitufi-

Que mellor sistema que a personalización de camisetas con mensaxes feministas, claros, directos e mesmo en ocasións un pouco desvergonzados. Se din que somos o que comemos non cabe dubida que dados os nosos patróns de consumo...



Algo está cambiando

na envíanos unha mensaxe impagable. Ela, que de azul sabe moito, teno claro: «Cambio príncipe azul por vibrador en bo estado».

Ademais da nosa colección de heroínas pasadas ao ramo do téxtil, permitímonos travestir ao símbolo do macho español, o touro de Osborne, rei das estradas nacionais daquela España de homes, homes e aproveitar para poñerlle lazos, ubres e unha afirmación nos seus beizos «Algo está cambiando». Será verdade? 

O amor con nome de muller



 GUILLERMINA DOMÍNGUEZ TOURIÑO

[...] A Historia de tódolos tempos, e a de hoxe, especialmente, ensínanos que... as mulleres serán esquecidas se elas se esquecen de pensar sobre si mesmas.

Louise OTTO-PETERS

Hai, aproximadamente, seis meses, alá polo verán do ano pasado, un primo meu, Alberto, chamoume un día preguntándome se eu coñecía a historia de Elisa e Marcela. Como boa galega, eu respondín cunha nova pregunta, tentando saber para que quería sabelo; díxenlle que si, que facía anos que pretendía seguir esa historia e que sempre me tivera intrigada e curiosa, pero que nunca tiña o tempo preciso para buscar

na súa historia, porque esta si que era unha grande historia de amor.

Cando lle preguntei por que, díxome que coñecía a unha persoa que estaba a piques de publicar a realidade destas dúas valentes, intrépidas e ousadas mulleres, e que, tanto o editor como o autor, gustaron de saber que había unha historia, de moitas supoño, similar, aínda que lonxe das dificultades delas, pero non exenta das mesmas.

Así, en setembro do ano pasado, Gonzalo Allegue, o editor e amigo de Alberto, púxose en contacto comigo, por ver se estaba disposta a presentar o libro¹ en Santiago de Compostela, xa que primeiro se presentaría na Coruña,

¹ GABRIEL, Narciso de: *Elisa e Marcela: Alén dos homes*, Vigo, Nigratrea, 2008 (col. Libros da Brétema, 13).

A maioría das feministas desde Olimpia de Gouges, e xa antes, eran *transgresoras*, fillas de Lilith, desa orde establecida, e foron vilipendiadas, e algunhas asasinadas por ese feito...

en cuxa universidade imparte clase o autor, Narciso de Gabriel, e máis tarde se faría na miña cidade. Ao pouco, presentouse Gonzalo Allegue en Santiago e tivemos, creo, unha moi agradable conversa, entregándome o libro, que, ao fin, tiña nas mans e podía lelo con certa calma para afrontar tamaño empresa. Si, porque para min era unha empresa importante e logo explicarei o por que.

Chegou o día 26 de febreiro do ano en curso, data na que tiven a sorte de poder transmitir a un nutrido grupo de mulleres e homes, xunto co autor, o que supuxo para min atoparme cunha historia como a que nos ocupa.

Persoalmente aportou moito a miña experiencia, como muller, feminista, historiadora e lesbiana, dado que todas esas características fan que en moitos momentos da miña vida sentise a necesidade de coñecer referentes de traectorias coma a miña. Ademais, por deformación profesional, como profesora de Historia que son, levando como levo toda a miña vida profesional tentando de lle transmitir ao meu alumnado a Historia menos oblicua posible e máis obxectiva, con todos os seus compoñentes como compañeiros no devir histórico... considereirei toda unha oportunidade excepcional contar co traballo impecable e rigoroso do autor, Narciso de Gabriel, que á parte de facer un aporte divulgativo, unha homenaxe a estas mulleres, fai todo un labor de exquisito rigor científico, histórico.

Dous compoñentes imprescindibles para achegarmos á Historia e á historia real das persoas que nos precederon; máis aínda das mulleres, agochadas moitas das veces pola historia oficial, invisibilizadas como traballadoras, crea-

doras, científicas..., moito máis aínda no tocante á súa sexualidade... por que?, pois sinxelamente, polo feito de seren mulleres e de ser consideradas, por iso, como asexuadas; o sexo, a sexualidade feminina, estivo sempre relacionada coa maternidade, non co pracer nin coa necesidade imperiosa de manifestar os desexos máis íntimos. Se a sexualidade, en xeral, era castigada, moito máis a das mulleres que non era atributo de virtudes nin de pureza...

Se a todo iso lle engadimos a homosexualidade, a cousa empeora. É verdade que nin homes nin mulleres homosexuais serían consideradas *normais*, pero ás mulleres aínda peor, xa que os atributos nomeados da pureza, a maternidade, non se podían concibir nunha *dexeneración e depravación semellante*.

Estaba claro, non se podía mesturar a excelencia da Virxe, arquetipo do comportamento feminino, co feito de ter apetencias sexuais, e moito menos homosexuais... de acordo, pero isto era na tradición escolástica do medievo, traída a través dos séculos ate os tempos máis contemporáneos!!!!, isto é o que nos deixa abraidades, a través dos séculos *a orde* establecida tiña as normas tan estritamente impostas que a ninguén se lle ocorría contradicilas ao longo de disquisicións tan importantes como o chamado humanismo, a Ilustración, a creación do mundo contemporáneo, os liberalismos, o propio feminismo sufragista...

A maioría das feministas desde Olimpia de Gouges, e xa antes, eran *transgresoras*, fillas de Lilith, desa orde establecida, e foron vilipendiadas, e algunhas asasinadas por ese feito... Calquera a ousaba transgredir!, pensarían outras tantas...

Claro que a filosofía escolástica mantívose por riba de todas esas teorías que preparaban a chegada dun mundo *moderno*, dun mundo *contemporáneo*, pero coas *normas preestablecidas* dunha institución coma a Igrexa, que moitas das veces era o propio Estado.

A frase de Louise Otto-Peters indícanos perfectamente como se nós mesmas non pensamos sobre nós, é evidente que ninguén o fará. O feminismo e mulleres transgresoras coma estas foron abrindo o difícil camiño da liberdade, da cidadanía, da *igualdade* (resaltado, porque ese concepto requiriría outro artigo, baixo o meu punto de vista).

No mundo occidental, temos chegado a cotas de liberdade envexables para outros mundos de mulleres que aínda viven sometidas e represaliadas polo feito de selo, nin que dicir ten que non podemos relaxar o traballo cotián para permanecer e medrar dentro do status conseguido e, nunca, xamais, esquecer que a metade da humanidade segue, en moitos lugares do mundo, sendo despreczada, maltratada. Si é así sendo heterosexual, podemos imaxinar o que debe de ser escollendo unha orientación sexual diferente ante sociedades dirixidas polas diversas relixiosidades que afirman ser humanas, fraternais e que practican a caridade e a xustiza.

É moi importante que estas historias se coñezan, e co rigor histórico co que está transmitida a que nos conta Narciso, xa que non podemos caer no relato doado e anecdótico con que a historia oficial ten tratado ás mulleres, raíñas ou heroínas, as poucas que ten tratado, sempre son *a tola* (Xoana), a prostituta (María Balteira), a bruxa (Ma-

ría Soliña), e tantas outras sempre maltratadas por unha historia que é a metade da mesma, e ate fai ben pouco non nos permitiu escoitar as voces das mulleres reais e visibilizalas. A propia denominación das etapas máis significativas da historia tradicional é enganosa, o século das luces, o é para os homes, pois as mulleres do XVIII, pasan por el como o século das sombras, e ben escuras.

O amor entre mulleres

É polo menos curioso o feito de que, mentres son *amigas* que comparten fogar, polo da soidade e porque na época as normas que rexían cara ás mestras eran moi estritas, xa que eran mulleres que traballaban fóra da casa e exemplo de rapazas e rapaces, mentres, digo, ningún sospeita nada ou se sospeitan, non pasa nada; é no momento no que lle dan pulo, oficializan, *saen do armario*, como se diría hoxe, cando estala o escándalo, sobre todo o mediático. De feito estas amizades entre mulleres eran catalogadas como *amizades románticas*, ou *matrimonios bostonianos*, como relata Henry James, aceptadas, toleradas socialmente, entre outras cousas porque ás mulleres, como xa dixemos, non se lles atribuíña instinto sexual expreso... eran asexuadas...

A historia destas dúas mulleres, de Elisa e Marcela, non creo que sexa a primeira, pero si a primeira coñecida pública e notoriamente, polo feito de ter implicada á institución máis sagrada do Occidente... Tamaña ousadía, a de dúas mulleres que enganaron, con premeditación (aquelas disputas provocadas na rúa...) e *alevosía*, non só ao mundo, en xeral, senón, e o que foi determinante, á Igrexa.

Hai un tempo e traballando con outra muller galega referente das loitas e dos estragos que pasaron polo feito de ser mulleres, María Soliña, comprobaba como a Igrexa agardaba silandeiramente o momento preciso para encausala a través da Inquisición... aos 70 anos!!!, e todo porque ao enviivar tiña herdado *os dereitos de presentación*, que

era o que realmente lle interesaba... Pois *o defecto* que nos ocupa é o mesmo..., mentres non o saques á rúa, mentres non sexa público e notorio, non transgredas as normas e a orde establecida, pode ocorrer..., o peor é que o fagas co descaro co que o fixeron elas... Atrevidas é pouco, ousadas e perigosas polo efecto de contaxio, que o autor nomea, como se dicía, que podía ter significado.

contaxiosa polo exemplo, e que por fortuna nas nosas provincias galegas non só non abunda, senón que é rarísima.

Non será que ao poder androcéntrico e establecido, lle preocuparía, ou preocupa aínda ás veces, que as mulleres poidan prescindir alegremente dos varóns? E se, de repente, hai coma unha epidemia e todas vólvense homosexuais, que pasaría con ese poder do varón, perfectamente artellado na cultura

Nin a represión nin a prohibición nos fan persoas, só o somos completas ao estarmos libres de prexuízos e obstáculos que impidan e frustren a nosa personalidade

A dobre moral, a hipocrisía dunha sociedade que prefire a ocultación ao enfrontamento cunha realidade diferente, que ademais considérase a-normal, rara, extravagante e, en moitos casos, unha dexeneración algo enfermiza.

«Desequilibrio feroz», «dúas históricas que en Galiza racharon a monotónia da vida pacífica dos galegos», «dúas dexeneradas, dúas históricas, ou dúas desgraciadas»..., así eran nomeadas pola prensa diversa que se ocupou do *caso*.

Dentro da polémica que o caso esportiva, hai que destacar a intervención dos médicos. Baixo o título «Mario-Elisa ante a ciencia», *La Voz* publica o 24 de xuño un artigo dun eminente doutor, que por razóns obvias prefire silenciar o seu nome. Tras dedicar o groso do comentario a recordar as opinións de soados tratadistas sobre o tema, como Zucarelli, Lombroso, Chascot e Tarnowsky, ao final destápase e di:

Para rematar, cremos que tanto Mario-Elisa como Marcela son dúas enfermas, cuxa neuropatía non castigan os códigos, pero que teñen un departamento a ocupar no Manicomio de Conxo, onde quizais non logren ser curadas, pero si estudadas polo sabio Sánchez Freire, e polo menos alí recluídas evitaremos que se propague a súa enfermidade, que adoita ser

occidental e apadriñado por institucións tan rigorosas coma a Igrexa????

Afortunadamente hoxe en día sabemos que xa hai varóns que están polo labor de camiñar á par coas mulleres, tentando facer un mundo máis xusto, equitativo e libre para todas e todos, e cando digo libre, falo da liberdade en xeral, incluso a sexual, que as persoas precisamos para ser iso, persoas... Nin a represión nin a prohibición nos fan persoas, só o somos completas ao estarmos libres de prexuízos e obstáculos que impidan e frustren a nosa personalidade.

Canto medo tiveron que pasar Elisa e Marcela para chegar a confesar o hermafroditismo, ou moitos dos argumentos que tiveron que empregar para saír indemnes da situación que levaban vivindo tanto tempo e que só polo feito de darlle pulo á súa necesidade de amarse e vivir a unha para a outra, dou ao traste con toda a súa vida! Que vergoña tiveron que pasar ante a repetida humillación daqueles exames dos ilustres doutores para certificaren a súa identidade sexual!

Os estereotipos estaban perfectamente marcados, ate o punto de definir a personalidade de ambas mulleres, a través dos análises serios e

rigorosos de médicos e mesmo grafólogos, tendo unha delas as características da *inversión*, Elisa-Mario, forte-protector-activo, e a outra, Marcela, feble-protexida-pasiva... Case similar á comparación da filosofía escolástica medieval de EVA-AVE, a muller díscola, desobediente, activa, despeiteada, EVA, fronte á muller disciplinada, obediante, pasiva e peiteada... AVE, a Virxe (importancia do cabelo no medievo...).

Pero imos a falar do presente. Hoxe en día, aparentemente, ninguén propondría semellante similitude, mais que nada por non ser politicamente correcto, pero é a pregunta máis directa, a de quen é o home na relación?, quen é mais camioneira das dúas..., xa que aínda é moi difícil que algunha xente comprenda, ou respecte simplemente, que outra tanta viva a súa vida como considere e necesite.

En realidade temos avanzado moito, moito lexislativamente falando, aínda que a lei de matrimonios homosexuais estea no Constitucional. Pero, nas rúas?, na vida cotiá?, nos pobos, vilas e cidades que non son nin Madrid nin Barcelona, Sevilla ou Bilbao..., esas cidades onde a modernidade se instala de inmediato...?

En realidade temos avanzado moito, moito lexislativamente falando, aínda que a lei de matrimonios homosexuais estea no Constitucional



**Unha mágoa que todo, que o amor, se reduza a ter
que ser un espectáculo mediático... Supoño que Elisa e Marcela
tiveron que sentirse moi mal, porque nós con todas
as diferenzas, tamén nos sentimos mal, cuestionadas,
vilipendiadas...**

Non, a realidade de moitas e moitos dos homosexuais deste noso país non é nin doada nin está normativizada, ou naturalizada como unhas vidas cotiás de calquera cidadá ou cidadán, cos problemas e vicisitudes da vida cotiá de calquera. Exemplos varios poderíamos escoller, desde despedidos nulos, como o da nosa Isabel por ter casado con Rosa, ate sentenzas nada claras, homófobas, dun xurado popular absolvendo, cando media a vida, cando é un paradoxo que sexa o mesmo pobo o que logo pida firmas para que se lexisle a cadea perpetua..., polo feito de amar de diferente xeito ao imposto pola *normalidade* heterosexual.

Ata a Xustiza ten que se comportar de distinto xeito? Non é unha reivindicación máis o dereito a ser tratadas e tratados pola mesma lei que xulga os delitos das persoas ás que non se lles cuestiona a súa sexualidade?

Profesionalmente tés que demostrar a cotío que, á parte de ser lesbiana, es unha profesional, es cidadá, es nai, es compañeira... Veste vixiada e a túa identidade social desaparece ante a túa identidade sexual, ser lesbiana, ás veces, perdes até o nome...! Canta importancia se lle da a algo que debería ser íntimo e persoal...

Probablemente a falta de costume da visibilidade faga estes escarnios que debemos evitar, porque producen un grande sufrimento, moitas dúbidas e perda de confianza e autoestima. Sen ánimo de comparar, non é estraño que mulleres coma Margaret Mead, ocultaran, ou polo menos non expresaran claramente a súa homosexualidade, bisexualidade ou *fluidez sexual*, como hai pouco me dixeron que lle chaman agora, por medo a que os seus importan-

tes estudos tiveran menos rigor ou ningún polo feito de selo...

É verdade que as nosas mozas e mozos viven con maior liberdade e, sobre todo, con máis naturalidade o sexo, pero tamén o é que as escolas e institutos teñen a moitas e moitos de nós agochados, *ninguneados*, ridiculizados, ocultados e ocultos, no mellor dos casos; aínda queda moito por facer, por traballar a cotío, por normativizar sen por iso caer na vitimización nin no pesimismo, pero sempre pensando que a realidade está arredor de nós, vivamos coma vivamos a nosa.

Cando eu casei coa miña muller, en outubro de 2005, non en 1901, cunha lei que nos amparaba, tivemos que soportar o desprezo e a mala intención por parte dalgún medio de comunicación, polo feito de non querer ser fotografadas nese preciso momento, porque a nosa vida non é bandeira de nada, a pesares de sentirmos moi orgullosas de poder casar na legalidade e poder reivindicar a Elisa e Marcela, ás Elisás e Marcelas que tiveron e teñen que sufrir a discriminación e o rexeitamento dunha sociedade que non é que non o acepte, que sería respectable, é que non o respecta... Tamén, o desprezo dalgunha persoa que nos dicía que a xente progresista non casaba.

As frases vertidas nese periódico local, por chamarlle algo, fixeron moito dano, pois entre outras lindezas falaban de nós coma dúas descastadas que casáramos «sen familia», cando as fillas, as tres, estaban e ben orgullosas, as sobriñas, os irmáns, todas esas persoas que tanto nos quixeron e queren e tanto nos axudaron a sobrevivir a unha decisión que, non vou comparala co sufrimento das nosas protagonistas, pe-

ro na nosa medida e no noso século cunha lei na man, polo menos produciu situacións kafkianas.

O mal gusto e o mal estilo periodístico cebouse de novo, coma se estivéssemos no ano 1901 coa voda legal e nada oculta de dúas mulleres, polo feito de non lle querer dar a publicidade mor-bosa que o medio precisaba...

Unha mágoa que todo, que o amor, se reduza a ter que ser un espectáculo mediático... Supoño que Elisa e Marcela tiveron que sentirse moi mal, porque nós con todas as diferenzas, tamén nos sentimos mal, cuestionadas, vilipendiadas e malinterpretadas.

Grazas a que nos queremos e a que temos, mal que lle pese a quen lle pese, unha familia de verdade, transgresora e atípica, pero chea do único que aos seres humanos nos fai crecer, de amor.

Elisa e Marcela son un canto ao amor humano, neste caso ao amor entre mulleres. ☞

Exeria

corrector de linguaxe sexista en software libre

ESTRELA VILAVERDE



Exeria foi unha muller, crese que nacida na Gallaecia, pioneira para o seu tempo, xa que escribiu un libro da viaxe que fixo no século IV ao Oriente Próximo. Na súa honra púxoselle o nome a unha innovadora ferramenta informática creada polas empresas galegas **Tagen Ata** e **Imaxin**.

A aplicación analiza os textos e ofrece alternativas para un uso non sexista da linguaxe. Detecta os termos que poden considerarse discriminatorios e propón diferentes solucións, ofrecendo varios termos para realizar a escolla máis axeitada ao texto, de forma semellante ao funcionamento das ferramentas de corrección ortográfica ou gramatical. Dentro do proxecto Exeria existe tamén un buscador de termos en rede que pode resolver as dúbidas máis habituais.

O seu obxectivo inicial é servir de ferramenta de axuda ás persoas que traballan no eido da Administración, para conseguir que os textos administrativos empreguen unha linguaxe de carácter inclusivo; se ben, a súa vocación é de xeralidade.

A selección de termos (tras a análise de mais de 129 millóns de palabras) está baseada nun uso actual da lingua apoiándose na análise de diferentes textos da Administración.

Fronte a outras ferramentas semellantes xa existentes no Estado español (Themis, T-incluye, La lupa violeta...), Exeria destaca por ser de código aberto, polo que pode integrarse no paquete ofimático de software libre **openoffice**.

Na páxina web www.exeria.net podemos atopar toda a información sobre esta innovadora ferramenta informática, facer a súa descarga para diferentes sistemas operativos e así mesmo facer comentarios e suxestións para a súa mellora e ampliación.



María, unha vida servindo aos patróns

 PATRICIA E ANGÉLICA COMESAÑA*

Quizais, a historia de María é parecida a tantas outras que tiveron lugar en Galicia a comezos do século XX. Nacida o 16 de agosto de 1926, se cadra, esta non sexa a data precisa, xa que na súa partida de nacemento consta o 23 dese mesmo mes; e só a memoria de D. Prudencio, cura da parroquia de Valladares, foi quen de darlle unha data de nacemento, quizais (im)precisa.

María Dores era a pequena de tres irmáns e, xa desde moi nova, non tivo máis remedio que poñerse a traballar. Con só 8 anos tivo que deixar unha escola que, lonxe de aportarlle coñecementos, era máis ben un pequeno taller de costura, onde as nenas dedicaban gran parte do tempo a tecer calcetíns para os soldados. Esta falta de estudos, provocou que María non tivese máis remedio que ir traballar como

empregada de fogar interna. O traballo conseguíullo a súa tía Aurita na casa dos seus veciños Leonor e Guillermo, un matrimonio de idade avanzada que non tiña fillos. Con eles traballaría e viviría ata que cumpriu os 12 anos, xa que a súa nai, viúva e enferma, non tiña diñeiro para manter aos seus fillos. Este matrimonio encargábase de darlle acubillo, alimentación e 30 pesetas mensuais a cambio do traballo que desempeñaba na casa e na tenda de ultramarinos que rexentaba. Malia o que se poida pensar, non son bos os recordos que María ten destes patróns que abusaban dela cando non era máis ca unha nena:

* Patricia e Angélica son netas de María Dores.

Con 9 anos ía cargada con 25 quilos de patacas que logo os meus xefes vendían no ultramarinos; pola noite, ás 12, obrigábanme a fregar aqueles chans de madeira. A miña xefa facíame apagar a luz para que a miña tía e o resto de veciños non me visen tan tarde fregando...

Estivo varios anos traballando para este matrimonio ata que ambos morreron, e uns sobriños destes levárona como interna a traballar para a súa casa. Era unha parella nova, de apenas trinta anos, Felisa e Pepe, que tiñan tres fillos pequenos, e que acolleron a María como un membro máis da familia. Destes patróns, a nosa avoa só ten palabras de agrado e agradecemento:

Os primeiros xefes abusaban de min, pero, os segundos, Felisa e Pepe, queríanme como a unha filla e eu a eles coma se fosen os meus pais. Eu vivía con eles, vestíanme, educábanme e comía na súa mesa como un máis da familia [...] aínda que tivesen invitados! De feito, non usaba traxe de criada, nin cofia, porque non quería poñelo, non me gustaba, e eles non me obrigaban.

As tarefas na casa eran pesadas, María tiña que fregar, pasar o ferro, facer as camas, cociñar, ir aos recados e coidar aos nenos mentres os seus xefes traballaban na tenda de material de construción que rexentaban. A casa dos patróns era grande e laboriosa, e toda a faena do fogar tiña que quedar lista antes de ir deitarse, xa que a ama era moi esixente co traballo da casa:

Non me deixaban que quedase nada sen recoller. Tiña que quedar todo no seu sitio [...] a cociña de ferro, a táboa de cortar o peixe, os cubertos de ferro e os pratos tiñan que quedar limpos como a prata! A cociña tiña que fregala con Pedramol e a roupa lavábase a man e de xeonllos na bañeira ou no pío, onde poñíamos unha táboa para poder fretar. Recordo que usabamos xabón de Lagarto e unhas barras portuguesas.

Como moitas das empregadas da época, María ao vivir na casa dos patróns non tiña horario laboral:

Sempre que facía falta tiña que traballar, fose a hora que fose, porque vivía con eles. Só de cando en vez tiña algún domingo pola tarde para saír pasear. Daquela non era coma agora, pois antes de marchar tiña que deixar todo limpo, se non, non podía saír. Ao cumprir os 18 anos deixábanme ir ao cine ou a bailar o domingo pola tarde, pero tiña que estar antes das nove e media na casa. A ama da casa sempre me advertía que tivese moito sentidiño, porque se chegaba a casa con «algo» (embarazada), botaríanme malia quererme moito.


María Dores traballou en casa de Felisa e Pepe moitos anos, toda a súa xuventude, ata os 24 anos,

Si, eles sempre se portaron moi ben comigo, e eu tamén con eles, nunca lles faltei ao respecto! Cando marchaban deixábanme diñeiro por se o necesitaba, pero eu nunca lles toquei nada, porque era moi honrada, por iso queríanme moito e estiven traballando con eles tanto tempo, ata que casei!

Á idade de 24 anos María Dores casou e na súa voda estiveron Felisa e Pepe:

Si, e regaláronme unha parte do enxoval, xa que cando me casei non tiña nin unha cadela! [...], porque as 75 pesetas que gañaba dáballas íntegras á miña nai, que estaba moi doente. Por iso non puiden aforrar nada. Non me dá vergonza dicilo [...], nin sequera tiven diñeiro para comprar un vestido de noiva e levei un traxe de vestir o día que casei!

Logo de casar, a vida de María cambiou, o seu marido xa non lle permitiu traballar máis fóra de casa:

Pasei de servir nunha familia allea que quería como propia [...], porque Felisa e Pepe eran como uns pais para min e eu era tan nai ou máis ca ela para os seus fillos!, a dedicarme a coidar aos nove maravillosos fillos que tiven, a unha irmá doente, toda unha vida chea de tristezas, pero tamén de pequenas e moitas alegrías! 

Libros



Fabricado por mulleres

VV. AA. *Fabricado por mujeres: Género, la industria de la confección global y el movimiento por los derechos de las trabajadoras*, Bilbo, Editorial Campaña Ropa Limpia-Icaria, 2008, 128 páxinas

 DALILA DOPAZO

Unhas das manifestacións máis evidentes da globalización económica e da reestruturación empresarial a ela vinculada, é a do sometemento dos/as traballadores/as a condicións de infraemprego e, en ocasións, de cuasi-escravitude.

Tal situación pode observarse en diferentes sectores e afecta a todos os traballadores, se ben no caso das empresas encargadas da confección de roupa e de calzado (sobre todo deportivo) a man de obra é, na súa inmensa maioría, feminina.

Prestando atención a esta xeralizada vulneración dos dereitos laborais dos/as empregados/as no sector téxtil, na Europa dos anos noventa do século pasado creouse o movemento da Campaña de Roupa Limpia (CRL), que ten como obxectivo fundamental o de servir de instrumento de concienciación da opinión pública sobre esta realidade.

No ano 2001 celebrouse un encontro internacional da CRL en Barcelona, no que se puxo de manifesto que, a pesar de que era evidente a importancia cuantitativa das mulleres neste sector

de produción, non se realizara aínda unha análise de xénero que abranguese tanto o estudo da súa situación laboral como dos seus dereitos. Froito desta reflexión é este libro publicado por vez primeira en castelán no ano 2008.

A obra xira ao redor do tratamento de varios temas centrais como son o da situación da muller migrante, a problemática da saúde da muller traballadora, os novos patróns de traballo que se impoñen ás empregadas e a alternativa da creación de códigos de conduta para empresas dende unha perspectiva de xénero.

Migración e muller

Unha parte importante da man de obra que traballa na confección a nivel mundial está afectada polo fenómeno do traslado do lugar de residencia por motivos laborais, xa sexa mediante o abandono do agro e o éxodo ás cidades dentro dos seus países, xa sexa mediante o traslado a outros estados.

Esta situación afecta de modo evidente ás condicións de traballo e de vida dos/as empregados/as dado que a man

de obra estranxeira debe afrontarse a dificultades importantes polo descoñecemento do idioma ou da cultura, polo desarraigo derivado do abandono da terra, os amigos e os familiares e, no eido laboral, a súa, en moitos casos, baixa cualificación e necesidade de obter ingresos para alimentar ás súas familias nos lugares de orixe implica a aceptación de condicións de traballo indignas, con amplísimas xornadas laborais, escasas posibilidades de mellora no seu posto e salarios exiguos.

En relación ás mulleres migrantes que prestan os seus servizos no sector téxtil, a situación vese agravada dado que se trata dun tipo de man de obra especialmente atractiva, ao percibir unha remuneración aínda menor cós homes. Asemade, moitas de elas posúen persoas ao seu cargo, o que supón que tenden a aceptar condicións de traballo máis *flexíbeis* para o empregador. Por outra banda, cómpre ter en conta que as mulleres están sometidas ás consecuencias negativas dos prexuízos das súas propias culturas, nas que, con independencia da situación de necesidade,



non está ben visto o traballo feminino asalariado fóra da comunidade e sen a *protección* masculina, ao tempo que se segue entendendo que a actividade laboral á marxe da casa non é unha función propia da muller e que esa permanencia fóra do fogar non é algo *natural*.

Na obra propóñense diversas liñas de actuación coas mulleres que sofren esta situación, cos obxectivos de que se garanta unha ampliación da protección legal e social a todos os/as traballadores/as migrantes, con independencia da súa situación regular ou irregular no país receptor, incentivar a concienciación sobre este problema en todos os países implicados (os produtores, os que comercializan os produtos, os países de orixe dos/as inmigrantes e aqueles nos que se asentaron as multinacionais) e, finalmente, definir estratexias conxuntas sobre os procesos de migración dende unha perspectiva de xénero, coa finalidade de atender ás necesidades específicas das traballadoras migrantes. Todo isto supón tamén unha maior flexibilización das estruturas dos sindicatos tradicionais.

Saúde e muller

As condicións de salubridade das fábricas de confección son, en moitos casos, moi deficientes, polas extenuantes xornadas de traballo, a escasa luz e ventilación, o uso de produtos tóxicos e a mala organización dos postos de traballo.

No caso das mulleres, esta situación agrávase por diferentes factores:

- a) Os salarios máis baixos que perciben, o que as sitúa nunha posición de maior pobreza que os seus compañeiros
- b) A falta de ergonomía (adaptación das tarefas do posto de traballo ao corpo do traballador/a)

c) A inexistencia de previsión sobre cuestións de saúde propiamente femininas (garantías de hixiene durante a menstruación, adaptación do posto de traballo á situación de preñez...)

d) Control por parte do empregador sobre a sexualidade e a saúde reprodutiva da muller, xa que o embarazo e as cargas familiares afectan de forma preferente á traballadora e, dende a empresa, considéranse como obstáculos ao avance da produción

Xunto coas condicións propiamente laborais, a muller traballadora neste sector vese sometida a grados maiores de acoso laboral e violencia (sexual ou

non) que o home, coa pretensión por parte do empregador de garantir o seu sometemento a esas condicións de traballo, ao tempo que a muller debe asumir tamén as obrigas derivadas da atención á familia e ao fogar, o que supón xornadas de traballo (na fábrica e na casa) non sempre sinxelas de conciliar.

Patróns de traballo e muller

As traballadoras da *economía informal* (terminoloxía introducida nos anos sesenta para diferenciar o traballo asalariado do realizado como autónomo) afecta en maior medida á muller, en moitos casos porque se entende que resulta lesivo contratala (mulleres casadas, embarazadas, con fillos) ou por que se considera (incluso por parte da mesma muller) que o traballo remunerado é algo menos importante que o *auténtico* traballo feminino (o reprodutivo).

No ámbito da confección, estes patróns de traballo son moi diversos, abarcando supostos como os do traballo subcontratado a pequenos talleres ou traballadores a domicilio, traballadores contratados para actividades a curto prazo, pero empregados por un axente ou outra empresa distinta á que xestiona a fábrica principal, supostos nos que unha nova empresa se establece

nunha fábrica xa existente e contrata a traballadores en iguais ou distintas condicións de traballo cos outros.

A característica común a todos os casos do traballo *informal* é a da menor protección do/a traballador/a (ás veces sen contrato) que asume unha actividade pouco remunerada e sen respecto algún aos seus dereitos laborais.

É indispensable, xa que logo, que dende a actividade sindical e de diferentes grupos e entidades interesadas no traballo coas mulleres se force aos gobernos e ás empresas para a acabar con este tipo de prácticas, incrementando o recoñecemento e protección social e legal da traballadora, fomentando a organización, a formación e a educación.

Os códigos de conduta empresarial e muller

Nos últimos anos, estanse a elaborar códigos de conduta por parte das empresas do sector téxtil que supoñen unha plasmación por escrito dos compromisos empresariais coa mellora nas condicións de traballo. O problema é que tales códigos están pensados para os traballadores empregados a tempo completo. Cómpre, polo tanto, completar estes códigos dende unha pers-

pectiva de xénero atendendo ao feito de que na maior parte dos casos os empregados son mulleres (e tamén a que homes e mulleres moitas veces tampouco traballan a tempo completo).

A elaboración deses códigos obriga a realizar un estudo sobre as condicións de traballo das mulleres en todos os chanzos da elaboración do produto (a produción, a distribución...) e sobre a influencia que ten o xénero na actividade produtiva propiamente dita e na combinación desa actividade coa familiar e persoal da muller.

Esta é unha obra coral na que se recollen os testemuños de 17 mulleres empregadas, investigadoras, activistas, consumidoras e sindicalistas que loitan dende o seu ámbito pola mellora das condicións laborais das mulleres. Non se trata tanto dunha publicación dirixida ás mulleres traballadoras como máis ben a todos aqueles grupos de persoas (sindicatos, ONG, empresas...) que desexan ter un instrumento para abordar os cambios nas prácticas laborais existentes, achegándolles canles posíbeis de actuación, técnicas de organización e recursos cos que abordar esta problemática. ☞

Revistas



Semata: Un punto de encontro para os estudos de xénero

 ISABEL MARTÍNEZ*

Ao longo dos últimos anos acadimos a unha eclosión de produción en torno a temática do xénero. Diferentes campos, como a socioloxía, a historia, a arte ou os medios de comunicación de masas, centran gran parte do seu traballo no desenvolvemento de estudos e análises neste terreo, amosando o grande abano de posibilidades, a diversidade de estratexias para afrontar o seu estudo e o seu carácter multidisciplinar. A estas alturas, pódese afirmar que a perspectiva do xénero é un dos terreos onde converxen un maior número de disciplinas e, polo tanto, un dos campos con maior volume de produción científica.

Un claro exemplo de todo isto ofrece a Revista *Semata*, dirixida por Justo Beramendi, Premio Nacional de Ensaio, publicada en novembro de 2008; no seu último número, céntrase nos estudos de xénero. O obxectivo desta publicación é analizar o punto no que a investigación en xénero se atopa nestes momentos, o punto de partida dos diferentes estudos e as diferentes vías que lle quedan por afondar a este tipo de análises. A variedade de propostas, así como as orixes dos autores, que proveñen de diferentes áreas das Humanidades e das Ciencias Sociais, fan que a

revista non se centre nunha única disciplina ou punto de vista, se non que, pola contra, amosa o carácter heteroxéneo deste ámbito de estudo.

A revista, que xa vai polo número 20, leva como título *En femenino: Voces, miradas, territorios* e está coordinada polas profesoras catedráticas da USC: Montserrat Vilariño Pérez, Ofelia Rey Castelao e Rocío Sánchez Ameijeiras. Dividida en tres seccións claramente diferenciadas como son a xeografía, a historia e a historia da arte, *Semata* recompila dezanove artigos que teñen como nexos comúns: a novidade e a orixinalidade dos temas expostos. Tal e como sucede no artigo de Mireia Baylina, Anna Ortiz e María Prats «Construyendo puentes teóricos entre geografías: Género e infancia», onde dous conceptos como a xeografía e a infancia entrecruzanse para abrir un novo enfoque de investigación, ou no de Francisco Javier Pérez Rojas «Vividoras y señoritas. Romero de Torres y Picasso en el burdel de la polémica y la vanguardia», traballo que analiza como a prostitución traspasa o terreo social para pasar a formar parte da temática artística.


* Profesora de Comunicación Audiovisual da Universidade de Vigo.

Outro exemplo do carácter multidisciplinar e a variedade de perspectivas que se poden atopar na revista pode relacionarse cos distintos períodos de tempo estudados, xa que o marco histórico dos distintos artigos é moi amplo; pódense atopar artigos que fan referencia á Idade Media, como é o caso de «De la cabeza al corazón: Cuerpos femeninos, arte contemporáneo e historia de la cultura medieval» de Rocío Sánchez, ata a actualidade, cos traballos de Anna Amorós en torno á imaxe da muller nos medios de comunicación de masas e, máis concretamente, na publicidade, un dos estandartes da cultura de consumo na que estamos inmersos, ou José María Folgar e Rita Martín que analizan os diferentes roles que adoptan as mulleres no cine de Iciar Bollain. Tres artigos que, a pesar de tratar diferentes épocas, no fondo teñen unha mesma temática: a representación da muller en diferentes soportes mediáticos tales como son a pintura, a escul-

tura, o cine ou os medios de comunicación de masas.

Outra corrente que pode atoparse en *Semata* é o estudo de personaxes históricas, como é o caso de Violante de Andrade, que serve de exemplo para analizar o papel que xogaron as mulleres nobres na perpetuación das liñaxes nobiliarias galegas a comezos da Idade Moderna ou o caso de Käthte Kollwitz, que analiza Manuel Núñez no seu traballo «La mujer-artista y sus circunstancias: Käthte Kollwitz», o cal desvela a personalidade dunha artista moi pouco recoñecida que soubo comprender a arte como un compromiso social e como unha ferramenta para denunciar os horrores das confrontacións bélicas.

Por último, a revista non se esquece da perspectiva social, e da actualidade neste terreo. «Inmigración feminina en España y relaciones de género» de Concepción Domingo é un estudo que nos achega a realidade a través de

datos estatísticos, demográficos e laborais, coa finalidade de poder realizar unha análise crítica da situación que viven as mulleres inmigrantes en España, tema que, en numerosas ocasións, é tratado polos medios de comunicación dun xeito superficial. A través das entrevistas en profundidade, podemos coñecer, a realidade segundo as propias protagonistas. Outro tema actual e próximo é o referente ao envellecemento en Galicia, Julio Hernández Borge, no seu artigo «La feminización de la vejez en Galicia», analiza unha problemática moi nosa, como é o despoboamento e o avellentamento, así como a súa repercusión no terreo feminino. A perspectiva de xénero para realizar esta análise é moi interesante, xa que axuda a entender as causas, así como as consecuencias deste feito, que, tal e como apunta o autor, ten consecuencias como, por exemplo, nas pensións de xubilacións, o que contribúe á feminización da pobreza. 

PUBLICIDADE



AQUANOVA
Vinos

Benito Corbal, 16
998 850 088 (4 líneas). Pontevedra



CARTELES
Café

Rúa do Sol, 139-141
Tel: 35 31 66 Ferrol

BOLETÍN DE SUBSCRICIÓN

anda!na

revista galega de pensamento feminista

Nome Apellidos

Enderezo Localidade

..... Código Postal

Desexo subscribirme á Revista **Andaina** a partir do nº

Prezo: Tarifa normal 15 € ano Tarifa de apoio 16 € ano

Envío talón. Pago en efectivo Data

Transferencia bancaria á cta. de Andaina Bco/Caixa.....
(Caixa Galicia CCC: 2091-0377-74-3040003301)

Domiciliación bancaria (cubrir os datos adxuntos e Oficina

enviar a: Revista Andaina, apdo. 1058 de Santiago) Localidade

Agradecerei-lles que a partir desta data atendan con cargo a miña conta Nº CCC:

Entidade Oficina

Dc..... Nº de conta

Os recibos presentados pola revista **Andaina**.
Atentamente:

Nome Apellidos

Sinatura do/a titular da conta:

.....

PODES ATOPAR O BOLETÍN EN www.andainamulleres.org



andalina

revista galega de pensamento feminista

PUNTOS DE VENDA

A Coruña

Librería Couceiro
Praza do Libro, 12

Librería Xiada
Avd. de Fisterra, 76-78

Librería Lume
Rúa Fernando Macías

Pontevedra

Librería Michelena
Rúa Michelena, 22

Librería Paz
Peregrina, 29

Santiago

Librería Couceiro. Rúa do Hórreo, 9

Librería Pedreira
Rúa do Home Santo, 55

Baba. Área Central

Ártico. Rúa do Vilar, 49

Lugo

Librería Trama
Avd. da Coruña, 21 (galerías)

Ourense

Livraria Torga. Rúa da Paz, 12

Servicio de Asesoramento das Mulleres

■ CONCELLERÍA DA MULLER ■

Para a atención específica dos problemas que afectan ás mulleres o Concello de Santiago pon a súa disposición o Servicio de Asesoramento das Mulleres


Para asesorarte nas túas dúbidas e buscar unha solución ós teus problemas familiares, laborais, xurídicos e sociais.

■ Estamos a túa disposición na Praza da Constitución s/n.

■ *Horario de atención ó público*

Tódolos días de 10 a 14 h.

Teléfono: 981 57 14 61



**CONCELLO DE
SANTIAGO**

Concellería da Muller

De seguro moitas lembrades a conmoción e a dor provocadas hai agora cinco anos, polo inesperado pasamento desta singular muller galega. A versátil Luísa Villalta falecía moi nova, con apenas 46 anos, na Coruña, a cidade que a vira nacer e á que sempre estivera fonda e intimamente vencellada. Precisamente a esta localidade dedicou os poemarios *En concreto* (2004) e *O Papagaio* (2006), aparecidos postumamente.

Luísa Villalta

Apaixonada violinista e profesora deste instrumento, non soubo, ou non quixo, separar dúas das súas grandes paixóns: a música e o verso. *Música reservada*, aparecido en 1991, sería precisamente o título escollido para o seu primeiro libro de poemas, nas súas páxinas evidénciase unha fonda preocupación polo ritmo e a musicalidad, ao tempo que camiñan de mans dadas as formas métricas clásicas e as máis anovadoras estruturas poéticas.

Catro anos despois deu ao prelo *Ruído e Rota ao interior do ollo*, cos que consolidaba un comprometido e constante labor. Tras anos de traballo, no 2004, recollía o premio Espiral Maior por *En concreto*, o xurado considerou naquela ocasión que o volume reflectía «un pensamento poético maduro e un equilibrio estilístico entre o conceptual e o visionario».

Pese a ser voz fundamentalmente lírica, Villalta cultivou con acerto a narrativa, *Teoría de xogos* (1997) e *As chaves do tempo* (2001), a dramaturxia, *Concerto para un home só* (1989), *O representante* (1990), *O paseo das Esfinxes* (1991) e *As certezas de Ofelia* (1999) e o ensaio. Colaborou activamente en revistas e publicacións especializadas e formou parte durante algún tempo da directiva da Asociación Galega de Escritores. Foi ademais unha entusiasta participante en todo tipo de recitais e actos de difusión da nosa poesía.

Desde esta contraportada, as que facemos *Andaina* cremos xusto lembrar a figura e a obra de quen sen lugar a dúbida foi unha clara representante da concepción global da arte.



Para saber máis:

<http://www.prazadasletras.org/letras/ autores/autor/136/luisa-villalta>

GUIMARÃES, Fernando Martinho: «Luísa Villalta e os descaminhos da poesía», en *Actas das I Xornadas das Letras Galegas en Lisboa*, Xunta de Galicia, 1998.